



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 286
2 de marzo de 2022

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 30880 (11/POC-005580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a falta de vacinas o pasado 16 de febreiro no Instituto Feiral de Vigo

[113441](#)

I 30886 (11/POC-005581)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a normativa respecto da utilización das máscaras nos patios dos centros de ensino

[113443](#)

I 30902 (11/POC-005583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a avaliación da calidade das augas da ría de Arousa

[113446](#)

I 30915 (11/POC-005585)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto do incremento dos niños de velutina

[113449](#)

I 30919 (11/POC-005586)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da alza dos prezos da enerxía

[113452](#)

I 30971 (11/POC-005589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a salvagarda do patrimonio no caso do proxecto do túnel da Porta do Sol-Elduayen, en Vigo

[113455](#)

I 30976 (11/POC-005590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o traslado aos grupos parlamentarios da documentación do convenio para deseñar a Estra-texia de infraestrutura verde da área da Coruña

[113461](#)



I 30982 (11/POC-005591)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Bande

[113465](#)**I 30986 (11/POC-005592)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación dun regulamento de desenvolvemento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía

[113469](#)**I 30989 (11/POC-005593)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das carencias que presentan as infraestruturas xudiciais

[113471](#)**I 30991 (11/POC-005594)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos sólidos urbanos

[113474](#)**I 30993 (11/POC-005595)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da concentración de accidentes que se producen no tramo da estrada PO-313 entre A Cruz da Maceira, no concello de Marín, e Pardavila

[113477](#)**I 30995 (11/POC-005596)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reforma da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

[113479](#)**I 30998 (11/POC-005597)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da utilización, no ordenamento xurídico, dunha linguaxe igualitaria, non discriminatoria, inclusiva, non androcéntrica e libre de estereotipos sexistas

[113483](#)**I 31000 (11/POC-005598)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retomar a xestión pública directa do Centro de Menores de Montealegre, en Ourense

[113485](#)

I 31005 (11/POC-005599)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da rehabilitación e conservación da ponte Pontesampaio, en Pontevedra

[113490](#)**I 31007 (11/POC-005600)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 3 máis**

Sobre a necesidade de implementar máis medidas desde a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero

[113493](#)**I 31009 (11/POC-005601)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun centro sociosanitario de carácter público para Pontevedra

[113496](#)**I 31011 (11/POC-005602)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de manter, no centro escolar Nosa Señora do Carme, de Marín, as tres aulas de infantil

[113498](#)**I 31013 (11/POC-005603)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre os criterios da Axencia Galega de Infraestruturas para a escolla dos convenios que asina cos concellos

[113501](#)**I 31018 (11/POC-005604)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre o compromiso por parte da Xunta de Galicia para que o centro terapéutico ocupacional de Ourense sexa exclusivamente de xestión pública e directa e as razóns da demora da súa construción

[113504](#)**I 31092 (11/POC-005607)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das verteduras ás rías galegas e as medidas previstas para reducilas

[113508](#)**I 31098 (11/POC-005608)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis**

Sobre as actuacións do plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social e o investimento previsto para este plan en 2022 [113512](#)

I 31100 (11/POC-005609)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre as actuacións do plan Emprega Xuventude e o investimento deste plan para o ano 2022

[113515](#)

I 31102 (11/POC-005610)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre os obxectivos e actuacións do plan Emprega Muller, do plan Emprega Xuventude e do plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social

[113518](#)

I 31130 (11/POC-005611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para buscar unha localización alternativa para a empresa Ence e para que a manteña en Galicia

[113521](#)

I 31133 (11/POC-005612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as deficiencias materiais das instalacións do Xulgado de Garda da Coruña

[113524](#)

I 31135 (11/POC-005613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da praza vacante do Punto de Atención Continuada da Cañiza

[113526](#)

I 31136 (11/POC-005614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento dos obxectivos da reciclaxe de biorresiduos impostos pola Unión Europea e o Goberno de España para o ano 2023

[113528](#)

I 31147 (11/POC-005615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a catalogación e restauración do acueduto do Pontillón, no río Caselas

[113530](#)

I 31154 (11/POC-005616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a catalogación e restauración do acueduto do Pontillón, no río Caselas [113533](#)

I 31156 (11/POC-005617)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a dotación de medios técnicos e materiais da Unidade de Policía Adscrita [113535](#)

I 31157 (11/POC-005618)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o número e o tipo de intervencións da Unidade de Policía Adscrita nas actuacións relacionadas coa pandemia [113538](#)

I 31158 (11/POC-005619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a información do Ministerio de Interior coa que conta a Xunta de Galicia respecto da tramitación da cobertura de prazas para a Unidade de Policía Adscrita [113541](#)

I 31162 (11/POC-005620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da calidade do servizo de transporte metropolitano e escolar, nomeadamente a ruta Serra de Outes-Campolongo-Negreira [113543](#)

I 31163 (11/POC-005621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración do Estatuto da muller rural de Galicia [113545](#)

I 31194 (11/POC-005622)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto de solucionar os problemas da zona de agarda exterior do Centro de Saúde de Leiro [113548](#)

I 31197 (11/POC-005623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as axudas do programa de apoio ao peche do lecer nocturno [113550](#)

I 31203 (11/POC-005624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis



Sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego respecto do colapso dunha comporta da presa de Valencia do Sil, en Vilamartín de Valdeorras (Ourense) [113552](#)

I 31208 (11/POC-005625)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 7 máis

Sobre os avances realizados pola Xunta de Galicia para implementar o acordo para a creación dun novo centro museístico da feira no concello de Monterroso [113556](#)

I 31209 (11/POC-005626)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as conclusións do informe respecto do aumento de custos de produción no sector vacún de leite e as medidas que se lle reclaman ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación [113559](#)

I 31215 (11/POC-005627)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para repoñer as vacantes de persoal sanitario no Centro de Saúde de Monteporreiro, en Pontevedra [113562](#)

I 31220 (11/POC-005628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o proxecto de adecuación da superficie de acceso ao peirao de Raxó, en Pontevedra [113565](#)

I 31232 (11/POC-005629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para colaborar co Concello de Bergondo nas obras de soterramento da liña aérea de alta tensión próxima ao mosteiro de Bergondo [113568](#)

I 31246 (11/POC-005630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a execución da conexión do eixo de comunicación A 52, fronteira de Portugal [113571](#)

I 31256 (11/POC-005631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o proxecto e características do novo centro de saúde que se pretende construír no concello de Meis [113575](#)

I 31260 (11/POC-005632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis



Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir o dereito efectivo da lei de eutanasia [113578](#)

I 31265 (11/POC-005633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre o proxecto do polígono agroforestal de Mandelos, en Crecente (Lugo), e as responsabilidades da Consellería do Medio Rural sobre a ordenación da terra agraria [113583](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 1 de marzo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 30880 (11/POC-005580)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a falta de vacinas o pasado 16 de febreiro no Instituto Feiral de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30886 (11/POC-005581)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a normativa respecto da utilización das máscaras nos patios dos centros de ensino

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 30902 (11/POC-005583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a avaliación da calidade das augas da ría de Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 30915 (11/POC-005585)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia respecto do incremento dos niños de velutina

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 30919 (11/POC-005586)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia diante da alza dos prezos da enerxía

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 30971 (11/POC-005589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a salvagarda do patrimonio no caso do proxecto do túnel da Porta do Sol-Elduayen, en Vigo

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 30976 (11/POC-005590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Queixas Zas, Mercedes

Sobre o traslado aos grupos parlamentarios da documentación do convenio para deseñar a Estra-texia de infraestrutura verde da área da Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30982 (11/POC-005591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a prestación do servizo de pediatría no Centro de Saúde de Bande

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 30986 (11/POC-005592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación dun regulamento de desenvolvemento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30989 (11/POC-005593)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das carencias que presentan as infraestruturas xudiciais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 30991 (11/POC-005594)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre os obxectivos marcados no Plan de xestión de residuos sólidos urbanos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30993 (11/POC-005595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da concentración de accidentes que se producen no tramo da estrada PO-313 entre A Cruz da Maceira, no concello de Marín, e Pardavila

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 30995 (11/POC-005596)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da reforma da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 30998 (11/POC-005597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da utilización, no ordenamento xurídico, dunha linguaxe igualitaria, non discriminatoria, inclusiva, non androcéntrica e libre de estereotipos sexistas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 31000 (11/POC-005598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para retomar a xestión pública directa do Centro de Menores de Montealegre, en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31005 (11/POC-005599)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da rehabilitación e conservación da ponte Pontesampaio, en Pontevedra

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 31007 (11/POC-005600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre a necesidade de implementar máis medidas desde a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 31009 (11/POC-005601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dun centro sociosanitario de carácter público para Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31011 (11/POC-005602)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto de manter, no centro escolar Nosa Señora do Carme, de Marín, as tres aulas de infantil

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 31013 (11/POC-005603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra



Sobre os criterios da Axencia Galega de Infraestruturas para a escolla dos convenios que asina cos concellos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31018 (11/POC-005604)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o compromiso por parte da Xunta de Galicia para que o centro terapéutico ocupacional de Ourense sexa exclusivamente de xestión pública e directa e as razóns da demora da súa construción

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 31092 (11/POC-005607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das verteduras ás rías galegas e as medidas previstas para reducilas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 31098 (11/POC-005608)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 7 máis

Sobre as actuacións do plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social e o investimento previsto para este plan en 2022

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31100 (11/POC-005609)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre as actuacións do plan Emprega Xuventude e o investimento deste plan para o ano 2022

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31102 (11/POC-005610)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre os obxectivos e actuacións do plan Emprega Muller, do plan Emprega Xuventude e do plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31130 (11/POC-005611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para buscar unha localización alternativa para a empresa Ence e para que a manteña en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 31133 (11/POC-005612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre as deficiencias materiais das instalacións do Xulgado de Garda da Coruña

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 31135 (11/POC-005613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da cobertura da praza vacante do Punto de Atención Continuada da Cañiza

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31136 (11/POC-005614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre o cumprimento dos obxectivos da reciclaxe de biorresiduos impostos pola Unión Europea e o Goberno de España para o ano 2023

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31147 (11/POC-005615)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a catalogación e restauración do acueduto do Pontillón, no río Caselas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 31154 (11/POC-005616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a catalogación e restauración do acueduto do Pontillón, no río Caselas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 31156 (11/POC-005617)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a dotación de medios técnicos e materiais da Unidade de Policía Adscrita

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 31157 (11/POC-005618)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o número e o tipo de intervencións da Unidade de Policía Adscrita nas actuacións relacionadas coa pandemia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 31158 (11/POC-005619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a información do Ministerio de Interior coa que conta a Xunta de Galicia respecto da tramitación da cobertura de prazas para a Unidade de Policía Adscrita

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 31162 (11/POC-005620)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da calidade do servizo de transporte metropolitano e escolar, nomeadamente a ruta Serra de Outes-Campolongo-Negreira

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31163 (11/POC-005621)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración do Estatuto da muller rural de Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31194 (11/POC-005622)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto de solucionar os problemas da zona de agarda exterior do Centro de Saúde de Leiro

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31197 (11/POC-005623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as axudas do programa de apoio ao peche do lecer nocturno

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 31203 (11/POC-005624)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego respecto do colapso dunha comporta da presa de Valencia do Sil, en Vilamartín de Valdeorras (Ourense)

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31208 (11/POC-005625)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 7 máis

Sobre os avances realizados pola Xunta de Galicia para implementar o acordo para a creación dun novo centro museístico da feira no concello de Monterroso

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 31209 (11/POC-005626)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre as conclusións do informe respecto do aumento de custos de produción no sector vacún de leite e as medidas que se lle reclaman ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 31215 (11/POC-005627)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para repoñer as vacantes de persoal sanitario no Centro de Saúde de Monteporreiro, en Pontevedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31220 (11/POC-005628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o proxecto de adecuación da superficie de acceso ao peirao de Raxó, en Pontevedra

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 31232 (11/POC-005629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para colaborar co Concello de Bergondo nas obras de soterramento da liña aérea de alta tensión próxima ao mosteiro de Bergondo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 31246 (11/POC-005630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a execución da conexión do eixo de comunicación A 52, fronteira de Portugal

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 31256 (11/POC-005631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o proxecto e características do novo centro de saúde que se pretende construír no concello de Meis

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 31260 (11/POC-005632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir o dereito efectivo da lei de eutanasia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 31265 (11/POC-005633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre o proxecto do polígono agroforestal de Mandelos, en Crecente (Lugo), e as responsabilidades da Consellería do Medio Rural sobre a ordenación da terra agraria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado 16 de febreiro, centos de mozas e mozos, nenas e nenos, tiveron que agardar baixo a chuvia no recinto feiral do IFEVI en Vigo tras acudir a recibir a terceira ou segunda dose da vacina. Despois de facer as longas colas, non foi ata que moitas e moitos chegaron ao punto principal de acceso co código QR cando se lles comunica que non quedan vacinas e que non se dispón de información arredor de cando chegará máis subministro. Persoas que perderon tempo nos seus traballos, perderon clases e que solicitaron información sobre se sería posible ou non vacinarse nesa xornada, recibiron evasivas e inconcrecións o que levou a que moitas manifestasen a súa determinación de presentar queixas ante o Sergas. Unhas reclamacións que non estaban dispoñibles no IFEVI polo que se convidou a estas persoas a se desprazar ata o Hospital Álvaro Cunqueiro.

As imaxes destas persoas formando ringleiras baixo a chuvia, sentados no exterior do recinto ou no chan no interior, amosa unha falta de planificación e organización, ademais dunha falta de respecto absoluta cara as veciñas e veciños de Vigo e da súa comarca citadas para vacinarse no IFEVI. Este non é o único episodio denunciado arredor da mala planificación en Vigo da vacinación fronte ao SARS-CoV-2 (COVID-19).

O Concello de Vigo ten trasladado desde o pasado verán á Xunta de Galicia a necesidade de habilitar outros puntos como o uso dos centros de saúde e mesmo ofrecido a posibilidade de empregar polideportivos para evitar os colapsos no tráfico e as longas ringleiras e agardas para as veciñas e veciños.

Por estes feitos, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da falta de vacinas e as longas esperas que padeceron centos de persoas o pasado día 16 de febreiro no IFEVI?
2. Cales foron os problemas de planificación e organización que derivaron neste incidente?



3. Considera que se está a ofrecer durante todos estes meses un servizo de vacinación digno as veciñas e veciños de Vigo e comarca?
4. Que medidas teñen tomado para que non volva a producirse un problema así?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 18/02/2022 09:45:23

María Leticia Gallego Sanromán na data 18/02/2022 09:45:31

Julio Torrado Quintela na data 18/02/2022 09:45:38

Marina Ortega Otero na data 18/02/2022 09:45:45



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Actualmente, e tras consolidarse a tendencia á baixa desta sexta onda, con taxas de incidencia claramente descendentes, elimínase a obrigatoriedade do uso de máscaras en exteriores no conxunto do Estado. Esta nova recomendación, vixente desde o 10 de febreiro do 2022 se leva xa a práctica na maior parte das comunidades autónomas mentres aquí en Galicia o presidente da Xunta de Galicia anunciou que o uso das máscaras nas escolas e nos patios se mantén.

Dende a Asociación Española de Pediatría veñen de amosar nun comunicado a súa aposta por quitar as máscaras nos colexios. Lembran, que xa en setembro de 2021 varias comunidades autónomas trasladaron a posibilidade da súa retirada en exteriores e nos patios, no contexto dunha baixa transmisión daquela e tendo en conta que desde as asociacións de logopedas e pediatras advertían dunha posible repercusión negativa na aprendizaxe e nas relacións e socialización das nenas e nenos. O aumento progresivo da incidencia e a posterior explosión da sexta onda obrigou a aumentar as medidas e manter o uso da máscara nas escolas. Nestes momentos, e tras consolidarse a tendencia á baixa da sexta onda, o Real decreto 115/2022, do 8 de febreiro aprobado polo Consello de Ministros corroborou a decisión tomada por Sanidade e as comunidades autónomas eliminando a obrigatoriedade das máscaras en exteriores, o cal afecta tamén aos centros educativos. Neste contexto, a Asociación Española de Pediatría conclúe arredor da incoherencia que supón trasladar ás nenas e aos nenos a obriga do uso de máscara nos patios para logo saír á rúa e aos parques e poder quitala.

Neste senso, a Asociación Española de Pediatría propón:

1. Retirada da obrigatoriedade do uso das máscaras en exteriores para todo o alumnado.
2. Retirada progresiva da obrigatoriedade do uso de máscaras en interiores, cun reforzo dos protocolos de ventilación, seguindo a seguinte orde cronolóxica e por grupos de idade:
 - a. Primeiro e segundo de primaria: a partir do luns 28 de febreiro 2022.
 - b. Terceiro e cuarto de primaria: a partir do luns 14 marzo 2022.



- c. Quinto e sexto de primaria: a partir do luns 28 marzo 2022.
- d. Educación Secundaria Obrigatoria (ESO): a partir do luns 25 abril 2022.
- e. Bacharelato: a partir do luns 9 de maio 2022.

- 3. Continuar fomentando a vacinación contra o COVID-19, sobre todo entre os menores de 12 anos.
- 4. Restringir a obrigatoriedade de corentena a 7 días; unicamente a aquelas nenas e nenos confirmados positivos, eliminando todas as outras recomendacións actuais.

Ante estas circunstancias, e máis alá das declaracións públicas dos responsables da Xunta de Galicia, dende a Consellería de Educación non se ten dado ningún tipo de indicación ou pauta clara aos centros de ensino, delegando toda a responsabilidade nos propios centros.

Ao fío disto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1. Que fixo a Consellería para clarificar a que normativa deben de acollerse os centros?
- 2. Que criterios levan á Xunta de Galicia a anunciar en contra das decisións adoptadas no Consello de Ministros, de Sanidade coas comunidades autónomas e das recomendacións da Asociación Española de Pediatría o mantemento do uso das máscaras nos patios dos centros de ensino?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Noelia Otero Lago na data 18/02/2022 09:50:25

Noa Susana Díaz Varela na data 18/02/2022 09:50:33

Julio Torrado Quintela na data 18/02/2022 09:50:43



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A situación ambiental da ría de Arousa vén sendo obxecto de debate dende hai moitos anos, debido á súa repercusión sobre a capacidade produtiva da ría e a importancia que isto ten sobre o sector de traballadores e traballadoras do mar, a maiores doutras cuestións medioambientais.

Os problemas xurdidos nos últimos anos foron sistematicamente negados por parte da Consellería do Mar, con respecto aos niveles de redución de produtividade no marisqueo, e sorteados pola Consellería de Medio Ambiente con numerosos anuncios de grandes investimentos en saneamento que, a pesares disto, non terminaron de ser practicamente nunca executados na liña que eran anunciados. A realidade é que a produtividade marisqueira non para de descender, como pode ser comprobado na perda de en torno a 2000 PERMEX na ría de Arousa na última década.

Dentro da xestión que ten que ver con aspectos medioambientais, pero tamén sobre o efecto sobre o marisqueo e a produción, interveñen moitos axentes. Entre eles están as confrarías que xestionan os plans de explotación, pero tamén centros de investigación públicos ou a propia administración de maneira directa.

Nas recentes semanas foi coñecido que a confraría de Carril asinou un convenio de colaboración coa empresa San Rafael, que lidera o proxecto de reactivación da mina de Touro, que foi un polémico proxecto que poñía en risco medioambiental a ría de Arousa. Aínda que inicialmente foi paralizado pola presión das entidades e colectivos de traballadores do mar, así como dos concellos da ría de Arousa que podían verse afectados, a realidade é que a empresa está no inicio dun novo proxecto para reactivar a idea da mina. Neste proceso, este convenio porá á propia empresa a financiar un sistema de control de calidade das augas da ría, que foron precisamente as postas en risco orixinalmente co proxecto parado da mina.

Ademais desta situación, na que a empresa que inicia un proxecto que foi alertado por poñer en risco a ría sexa a que asuma a avaliación dese propio risco e da



calidade das augas, a Administración autonómica faise partícipe deste proxecto ao incluír a centros de investigación de carácter autonómico como o Intecmar.

A confusión xerada entre os sectores de traballadores e traballadoras do mar, así como de propio persoal dos centros de investigación da propia Xunta de Galicia ao formar parte deste proxecto, fai necesario aclarar termos, obxectivos e fundamentos deste plan de avaliación da calidade das augas.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as razóns e obxectivos polos que a Xunta de Galicia toma parte nun proxecto entre dúas entidades como confraría e empresa para avaliar a calidade das augas da Ría que pode estar en risco pola actividade da propia empresa?
2. Cre o goberno da Xunta de Galicia que este proxecto vai contribuír á mellora da calidade das augas da ría de Arousa e á súa capacidade extractiva en termos de marisqueo?
3. Considera o goberno da Xunta de Galicia natural que a empresa Cobre San Rafael realice os controis de calidade das augas da ría toda vez que é a empresa que mantén abertas as intencións de reactivar o proxecto da mina de Touro?

Pazo do Parlamento, 17 de febreiro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Pablo Arangüena Fernández
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 18/02/2022 10:55:25

Patricia Otero Rodríguez na data 18/02/2022 10:55:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/02/2022 11:03:38
Nº Rexistro: 30902
Data envío: 18/02/2022 11:03:38.155

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2022 10:55:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A vespa Velutina chega a Galicia no ano 2011, colonizando, en só 7 anos, toda a nosa comunidade. Isto fai que este animal pase de ser un insecto descoñecido a xerar unha resposta social de medo ou alarma, polo seu tamaño, e a intensidade das súas picaduras, que causaron incluso varias mortes.

Pero o máis afectado pola súa presenza, e o sector produtor de mel, xa que as velutinas son unha especie que capta as abellas e causa graves danos ás colmeas o que supón grandes perdas económicas, as persoas apicultoras estiman que este ano, a súa produción de mel estivo afectada entre o 40 e o 50 %. A isto súmase o perigo que supón un desequilibrio no noso ecosistema, a consecuencia da desaparición da abella común.

As asociacións galegas de apicultores, denuncian descoordinación e a falta de medidas da Xunta de Galicia, no que eles consideran unha praga. Reclaman coordinación na actuación da Xunta de Galicia, xa que son varias as áreas de goberno implicadas, e esixen que se unifiquen as competencias nun único departamento. Ademais de denunciar unha campaña que consideran deficiente.

No ano 2020 a Xunta de Galicia en coordinación coa Fegamp, iniciou un plan contra a velutina, baseado na concentración de recursos para eliminar os niños desta especie na comunidade, en todas as zonas afectadas. no ano 2021 uníronse voluntariamente 300 municipios, o que representa o 90 % dos municipios galegos.

A empresa pública Seaga foi creada polo Decreto 260/2006, do 28 de decembro, polo que se crea a sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. e apróbanse os seus estatutos, é unha sociedade mercantil pública autonómica, a cal actúa en consideración de medio propio e de servizo técnico da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia á que encargou de xestionar este plan que formula dende o seu inicio máis sombras que luces.



O funcionamento do plan, segundo o que manifestan dende a Xunta de Galicia, e ante o incremento de niños, o ano pasado o Goberno galego e a Fegamp acordaron redobrar esforzos e concentrar recursos cunha solución centralizada, homoxénea nas zonas afectadas e coordinada cos concellos. Realizará os traballos Seaga que contou no ano 2021 cun equipo de coordinación que organizará aos equipos de intervención. Para as intervencións o prazo máximo seguirá sendo de 5 días hábiles desde que se recibe o aviso no Teléfono de Información e Atención á Cidadanía 012, salvo nos niños de difícil acceso ou que requiran actuacións complementarias ou permisos. Ademais, cando os avisos correspóndense cunha urxencia ou se tipifican de risco especial por atoparse no interior de vivendas ou lugares concorridos derívanse aos servizos de emerxencias a través 112,e este a súa vez a bombeiros ou apicultores voluntarios) se deriva a Seaga para que proceda a súa retirada.

O problema son as limitacións, por ser consideradas emerxencias, que establece o protocolo na intervención de Seaga, xa que segundo consta no mesmo, non se van a retirar niños a máis de 25 metros de altura, como tampouco en propiedade privada sen autorización; en sitios confinados sen visualización directa como cheminea, falsos teitos ou tellados; o en espazos pechados (cámaras de illamento o caixas de persianas), así coma aqueles con risco eléctrico (liñas eléctricas) ou situados en dominio de infraestruturas (estradas, autovías, autopistas, liñas ferroviarias, portos e aeroportos). Dentro da relación de actuacións que non proceden tamén está a retirada de niños con imposibilidade física de acceso (peche de parcela, maleza) ou con risco de dano medioambiental (ríos, embalses e outras masas de auga), ademais de aqueles que están en instalacións de uso público (parques, igrexas, hospitais, colexios e outros edificios públicos). O plan tampouco non inclúe a cesión de trampeos ás persoas prexudicadas.

Polo tanto, na maioría das veces, son os bombeiros municipais, os GES e os apicultores voluntarios os que se encargan da retirada dos niños de velutina, asumindo o custo os concellos, carecendo este protocolo de efectividade práctica algunha.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Xunta de Galicia previstas algunhas medidas para evitar o aumento de niños de velutina, que se incrementa de forma progresiva?



2. Cantas chamadas efectuadas ao 012, se executaron no prazo de 5 días hábiles previstos no protocolo?
3. Ten coñecemento a Xunta, das perdas económicas, en termos anuais, para o sector apícola que supón a presenza descontrolada de vespa velutina?
4. Porque a Xunta de Galicia, a través de Seaga, non asume na súa totalidade a retirada de niños de velutina, nos concellos adheridos ao protocolo?
5. No ano 2021, cantas chamadas ao 012, solicitando a retirada dos niños de velutina recibiu a Xunta de Galicia?
6. Das chamadas recibidas durante 2021, cantas se derivaron ao 112 e cantas asistiu Seaga?
7. Dada a situación actual, ten previsto considerar como unha praga, esta invasión de vespa velutina?

Pazo do Parlamento, 16 de febreiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 18/02/2022 11:59:34

Pablo Arangüena Fernández na data 18/02/2022 11:59:41

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/02/2022 11:59:52

Martín Seco García na data 18/02/2022 12:00:01





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª,** sobre o impacto na economía galega na inflación dos prezos enerxéticos das estimacións da alza do gas elaborados polo Banco Central Europeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza e a súa economía sofren o impacto da crise dos prezos das materias primas e da crise dos prezos enerxéticos, cunha inflación disparada e constante agravada pola situación do gas nos mercados internacionais e os conflitos xeopolíticos.

Malia ser un país especializado na produción enerxética, o modelo de desenvolvemento económico co que se impulsou tal especialización non dotou o noso país de instrumentos e ferramentas para un retorno económico suficiente dos beneficios empresariais de forma que a economía galega teña capacidade de resistencia, anticipación e resposta a escenarios cambiantes, acrecentados pola transición enerxética e polas transformación aceleradas pola pandemia da covid-19.

Neste contexto, no marco dunha gran afectación a persoas consumidoras e tecido empresarial, os prezos da enerxía non deixan de estar disparados e a situación apunta ter un impacto crecente na economía. Nese sentido, a mediados de febreiro o Banco Central Europeo anticipaba nas súas previsións un impacto de cando menos o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

0,2% del PIB no 2022 pola alza do gas e a dependencia enerxética da zona euro, que importa o 90% do gas que consome.

Sen dúbida un dos factores determinantes é a tensión respecto da situación de Ucraína, que agrava un incremento do prezo que xa era de intenso encarecemento. No último informe do BCE advírtese que isto terá un impacto no primeiro trimestre do 2022 cun importante pico ao que contribúe tamén a evolución do petróleo. A suba do gas podería ser de ata un 600% fronte ao mesmo período do ano anterior. Aínda que en teoría a estimación viría continuada dun descenso, é necesario que a Xunta valore o seu impacto económico. Máis aínda tendo en conta que as previsións respecto da inflación elaboradas por diversos organismos internacionais foron superadas pola realidade ao longo do último ano.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

. Que actuacións prevé a Xunta de Galiza ante o impacto na economía galega da alza do prezo do gas e as repercusións no PIB que prevé o BCE?

. Como valora esta situación á luz da evolución da inflación en xeral? E á luz do recrudescemento das tensións bélicas?

. Como valora esta situación á luz da evolución da inflación dos prezos enerxéticos?

. Como mide e avalía o impacto económico nos fogares e no tecido empresarial?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai constituír algún foro de traballo estable para impulsar medidas temporais e paliativas?

. E para impulsar cambios estruturais?

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/02/2022 12:02:51

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/02/2022 12:02:55

Daniel Pérez López na data 18/02/2022 12:03:03



Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a salvagarda do patrimonio no caso do proxecto do túnel da porta do Sol-Elduayen en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O túnel da porta do Sol- Elduayen en Vigo afecta á área do conxunto histórico do casco vello de Vigo declarada como Ben de Interese Cultural coa categoría de “Conxunto Histórico” mediante o Decreto 136/2006, de 27 de xullo, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, o casco vello da cidade de Vigo (Pontevedra). Así mesmo o ámbito da actuación está incluído no Catálogo do PXOM e figura no Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Por tanto, trátase dunha actuación especialmente sensible que deba comportar dun escrupuloso respecto e control da legalidade por parte das distintas Administracións Públicas con competencias.

A afectación da obra ten un impacto sobre os bens patrimoniais tanto a nivel do subsolo, que requiren dunha valoración arqueolóxica, como a nivel do solo e, por tanto, do conxunto arquitectónico e urbano. Téñense publicado algunhas informacións sobre as actuacións que se están realizando a nivel arqueolóxico, pero descoñecemos cal é a valoración que fai a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia sobre o



impacto que vai ter esta obra a nivel do solo. Resulta evidente que esta obra transforma dunha forma importante a morfoloxía urbana e a imaxe da forma urbana do conxunto histórico declarado BIC e intervén e modifica a materialidade do conxunto, polo que resulta esixible unha avaliación en profundidade deste impacto sobre os valores do conxunto histórico.

Recordemos que no ano 2007 aprobouse o Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello de Vigo co informe favorable de Patrimonio. Segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, actualmente vixente, as competencias para as actuacións que se desenvolvan no ámbito do plan especial de protección do conxunto histórico, agás algúns supostos como as intervencións arqueolóxicas, está delegadas nos Concellos. Mais exceptúanse desta norma as obras ou actuacións que non estean previstas no plan especial de protección, xa que os Concellos son competentes para autorizar unicamente as intervencións que desenvolven os plans especiais de protección de bens inmobles de interese cultural.

O túnel da Porta do Sol non está previsto no PEPRI Casco Vello, polo tanto resulta necesaria a autorización específica da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para esta actuación. Porén a DXPC só informou o proxecto no que atinxe á problemática arqueolóxica, pero non existe ningunha información de que informara sobre os restantes aspectos que dan valor ao conxunto histórico, como a viabilidade arquitectónica e urbanística do proxecto, tal e como se require no ámbito do PEPRI Casco Vello.

Sendo a DXPC coñecedora da construción do túnel no ámbito do Casco Vello o do impacto global tanto a nivel do solo como do subsolo, segundo as informacións recabadas, só resolveu autorizar o proxecto do túnel da Porta do Sol con condicións de carácter exclusivamente arqueolóxicas. Por tanto, as afectacións sobre o conxunto





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urbano e arquitectónico do BIC do Casco Vello de Vigo parecen quedar fóra do control e salvagarda da autoridade competente neste caso.

En cuanto ás actuacións arqueolóxicas, no 2017 o proxecto de obra foi informado pola Arqueóloga Municipal, quen determinou a necesidade de realizar sondaxes arqueolóxicas valorativas previas. As conclusións desas sondaxes determinaron a necesidade de facer unha escavación no ámbito da muralla do s. XVII e realizar baixo control arqueolóxico o resto das obras de escavación previstas. Ambas cuestións foron abordadas de forma conxunta nun novo proxecto de actuación arqueolóxica.

Durante esta intervención arqueolóxica atopáronse , no contexto do control dos desterres as primeiras estruturas en posición primaria na rúa Elduayen, e a partir de aí realizáronse escavacións de diversas estruturas en dirección ao Paseo de Alfonso. Así mesmo foron redescubertos os muros de contención da zona de Policarpo Sanz, xunto ao coñecido como pasadizo, que foron destapados parcialmente.

Segundo se extrae do informe valorativo do traballo arqueolóxico as escavacións na rúa Elduayen non se realizaron en toda a área afectada polo túnel en dirección ao Paseo de Alfonso, senón que se detiveron nunha zona anterior. É precisamente na zona final de Elduayen onde se atopan os restos da muralla defensiva histórica e o baluarte de A Falperra. Resulta incomprendible que se deixe á marxe do estudo e da valoración do impacto da obra unha zona tan sensible como esta.

Por outra banda o coñecido como “Pasadizo” de Policarpo Sanz, que conectaba a rúa dos Canos coa rúa Victoria, foi parcialmente escavado. O informe valorativo segue sen dar resposta sobre a súa función orixinal e seguen a existir moitos interrogantes ao respecto. Tampouco fica claro na escasa planimetría presentada cales eran as





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

características construtivas do mesmo nin unha sección clara que permita identificar as súas dimensións e a afectación real que terá o túnel sobre este elemento.

Xa por último, neste contexto onde fican demasiados elementos sen valorar, é esixible unha actuación cautelosa con todos estes elementos patrimoniais descubertos. Porén o Concello de Vigo parece estar actuando dunha forma errática e ás prásas, ao punto de realizar actuacións que poden comprometer hipotéticas actuacións de conservación. Os restos atopados na rúa Elduayen correspondentes ás cimentacións de 6 casas cunha datación aproximada entre os s. XVII e XIX, foron tapados por parte do Concello con formigón, comprometendo unha posible conservación dos mesmos. Segundo as informacións publicadas, a Dirección Xeral de Patrimonio só autorizou que os restos se taparan de modo transitorio con terra e malla xeotéxtil. Cabe deducir, por tanto, que existe un incumprimento por parte do Concello e que a Dirección Xeral de Patrimonio non está sendo capaz de garantir o cumprimento das súas directrices.

Estamos ante un cúmulo de actuacións de dubidosa legalidade, que no seu conxunto evidencian unha falta de dilixencia por parte da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para facer cumprir co maior respecto e sensibilidade as leis para a protección dunha zona de alto valor patrimonial, que é fundamental para comprender a historia urbana da cidade de Vigo..

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
4ª :

. Autorizou a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o proxecto de construción dun túnel subterráneo desde a Porta do Sol ate o final da rúa Elduayen?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. No escrito de remisión por parte do Concello a Patrimonio se solicitaba informar sobre o conxunto do ámbito afectado polas obras tanto a nivel do solo como do subsolo?

. É coñecedora a DXPC do impacto das obras a nivel do solo no ámbito do PEPRI?

. Cales son as actuacións que tomou a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao respecto do impacto destas obras no conxunto histórico do Casco Vello a nivel do solo?

. Autorizou a DXPC a viabilidade arquitectónica e urbanística do proxecto no ámbito do PEPRI Casco Vello?

. Considera suficientes a DXPC con informar só a respecto das actuacións arqueolóxicas no ámbito do PEPRI?

. Considera suficiente o ámbito escavado na rúa Elduayen para valorar o impacto do proxecto a nivel do subsolo?

. Vai ser autorizado parte do proxecto sen valorar o impacto sobre a totalidade do ámbito afectado?

. Que valoración fai a DXCP do formigonado sobre os restos da rúa Elduayen por parte do Concello?

. Autorizou a DXCP o corte e destrución do túnel decimonónico coñecido Como Canellón dos Canos, situado baixo a rúa Policarpo Sanz?

. Xa foi presentada a documentación gráfica (fotográfica e planimétrica), así como unha descrición das características construtivas do túnel ou pasadizo dos Canos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. O proxecto de túnel ou os proxectos e informes arqueolóxicos incorporan unha sección lonxitudinal da rúa Policarpo Sanz, cortando ao pasadizo dos Canos, no que se representen a rasante da rúa, os sedimentos arqueolóxicos, o extradós da bóveda de pedra do pasadizo, o intradós da mesma e os muros sustentantes?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/02/2022 09:51:29

María do Carme González Iglesias na data 21/02/2022 09:51:33

Mercedes Queixas Zas na data 21/02/2022 09:51:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 a Consellaría de Medio Ambiente asinou un convenio coa Fundación Juana de Vega, a ADR Mariñas-Betanzos e o Instituto Tecnolóxico de Galicia para deseñar a Estratexia de Infraestrutura Verde da Área da Coruña, iniciativa que contou cun orzamento de 180.000 euros.

Naquela altura anunciouse esta infraestrutura como “un proxecto pioneiro en Galicia que pode asentar as bases metodolóxicas para outras zonas da comunidade”.

No mes de maio de 2018, 23 concellos asinaron no Castelo de Santa Cruz (Oleiros) unha declaración conxunta para impulsar a Infraestrutura Verde da área da Coruña, un documento que incluía a identificación de puntos críticos, retos principais e propostas prioritarias.

A daquela conselleira de Medio Ambiente, Bea Mato, adiantou que a proposta inicial incluía o desenvolvemento de 18 proxectos, entre os que cabe sinalar o grande parque metropolitano do río Mero desde a ría do Burgo até o encoro de Cecebre e desde este ao lago de Meirama; o plan de mobilidade intermunicipal sostíbel, coa mellora do transporte público por estrada e ferrocarril; a mellora das masas forestais; o proxecto





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Catro ríos e catro corredores verdes; a potenciación do saneamento baseado en solucións verdes; a modernización de traídas veciñais; a mellora de infraestruturas de saneamento no marco do proxecto Mandeo; o corredor ecolóxico do río Anllóns desde A Laracha a Carballo; o impulso da produción agroalimentaria local; a ampliación de itinerarios e sendas fluviais do proxecto Mandeo; a posta en valor do río Baxoi en Monfero, Vilarmador e Miño; a planificación conxunta dos polígonos industriais procurando a súa especialización; o plan territorial integrado da área urbana da Coruña e a súa contorna; a posta en valor do río Baa en Mugardos, Fene e Cabanas; o corredor ecolóxico e senda fluvial no río San Pedro; a posta en valor da área natural de Chelo; o paseo fluvial en treitos do río Mendo desde A Ponte dos Cabalos (Coirós) até as fervenzas da Reixidoira (Coirós e Oza-Cesuras), a mellora da xestión dos residuos. Nos documentos presentados en maio de 2018 tamén se facía referencia á integración das Brañas do Deo na Rede Natura 2000.

A previsión temporal era rematar a Estratexia a finais de 2018, o que segundo afirmou a conselleira “dará a Galicia unha vantaxe competitiva fronte a outros territorios para captar fondos europeos”.

Transcorridos tres anos e medio destes anuncios nada se sabe destas propostas, que se evaporaron unha vez que Bea Mato deixou a consellaría para concorrer como candidata ás eleccións municipais do concello da Coruña.

O pasado mes de novembro de 2021 o grupo parlamentar do BNG formulou diversas preguntas sobre a Estratexia de Infraestrutura Verde da área da Coruña das que non recibimos resposta. Tamén fixemos unha solicitude de documentación ao abeiro do artigo 9 do regulamento do parlamento, da que tampouco tivemos resposta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
2ª :

. Cales foron os resultados do convenio asinado en 2017 entre a Consellaría de Medio Ambiente, a Fundación Juana de Vega, a ADR Mariñas-Betanzos e o Instituto Tecnolóxico de Galicia para deseñar a Estratexia de Infraestrutura Verde da Área da Coruña?

. Por que motivo a consellaría de Medio Ambiente oculta a documentación deste convenio?

. Cal foi o investimento destinado a esta Estratexia?

. Por que razón non se concluíron os traballos de redacción da Estratexia?

. Que investimentos de fondos europeos de perderon por non ter aprobada a Estratexia?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2022 11:44:35

Mercedes Queixas Zas na data 21/02/2022 11:44:40





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a prestación do servizo de pediatría na comarca da Baixa Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Baixa Limia localízase no suroeste da provincia de Ourense, cunha extensión de máis de 530 km² e abranguendo os concellos de Entrimo, Bande, Lobeira, Muíños e Lobios.

No que vai de século a comarca da Baixa Limia viu reducida a súa poboación en máis dun 35%, pasando dos máis de 10.000 habitantes que tiña no ano 2000 aos apenas 6.500 cos que conta na actualidade. Evolución aínda máis dramática no que aos menores de 16 anos se refire, pois nesa franxa de idade a poboación reduciuse en máis dun 65%, existindo concellos como o de Bande no que o descenso é superior ao 70%.

Sen dúbida tal realidade ten unha multiplicidade de causas que ben poderíamos resumir en dúas a ausencia dunha verdadeira política de reequilibrio territorial e a constante supresión de servizos público, mesmo os considerados esenciais.

Entendendo, como reiteradamente indicamos dende o BNG que a necesaria defensa do medio rural non pasa por simples declaracións de intencións ou anuncios sen posterior cumprimento, senón que cumpre a urxente aplicación de medidas contra o





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

despoboamento, algo que inescusablemente pasa por establecer e conservar os servizos públicos básicos e indispensables, como a sanidade e o ensino, priorizando a súa importancia para o benestar das poboación e desenvolvemento social e territorial que nun curtopracista equilibrio económico.

Así, e a modo de exemplo, nos últimos anos vemos asistindo a unha redución, practicamente eliminación, do servizo de asistencia sanitaria pediátrica na comarca. Unicamente no Centro de Saúde de Bande se esta a prestar este servizo, unha vez a semana e de xeito descontinuo e irregular, sendo merecente de todo recoñecemento o esforzo e adicación das profesionais que prestan o devandito servizo de pediatría, que non se ve correspondido polas políticas da Xunta de Galiza quen reiteradamente evidencia a súa vontade de suprimir o servizo.

A interrupción do servizo en determinadas en épocas do ano, a non cobertura regular e áxil das baixas ... provoca unha permanente incerteza na prestación do servizo, que a veciñanza teña que agardar meses por unha cita ordinaria, que se teña que desprazar ate Celanova ou que a consulta sexa realizada por unha especialista en medicina de familia. A Xunta de Galiza no canto de atender as necesidades básicas da poboación, continúa coas súas políticas – á vista dos datos “exitosas”-destinadas a fomentar o abandono do rural..

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Considera a Xunta de Galiza acaída periodicidade e regularidade coa se esta a prestar o servizo de consultas pediátricas na comarca da Baixa Limia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cantos días durante o último trimestre prestouse servizo de consultas pediátricas, por especialista, no CS de Bande?

. Canto tempo transcorreu no mes de xaneiro de 2022 entre a solicitude de cita para consulta de pediatría e a realización da mesma?

. Cal é a razón da demora na cobertura das baixas ou permisos das especialistas que prestan o servizo de consultas pediátricas no Centro de Saúde de Bande?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/02/2022 12:03:30

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2022 12:03:35

María Montserrat Prado Cores na data 21/02/2022 12:03:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 21/02/2022 12:03:51



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O día 26 de setembro de 2017 aprobouse no Parlamento galego a Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, que viña a adaptar a regulación galega á normativa estatal e directivas europeas en materia de protección animal unha lei que foi pouco ambiciosa e falta do consenso necesario. Van xa máis de 3 anos dende a súa aprobación e non temos aínda un regulamento que especifique e desenvolva esta norma, que é tan necesario para regular tódalas súas actividades.

É hora de dar un paso máis aló na defensa, benestar e protección dos animais, desenvolvendo algúns aspectos prácticos e de aplicación desta lei xa que persiste o maltrato aos animais, e a resposta dos poderes públicos non está a ser todo o eficiente, rápida e contundente que debería.

Por outra banda, compre desenvolver tamén políticas de sensibilización tanto no ámbito educativo coma outras dirixidas á poboación do rural.

Temos que seguir avanzando na protección e benestar, así coma na tenencia responsable dos animais de compañía por iso necesitamos un Regulamento que:

1. Determine os coidados ou atencións mínimos necesarios que ten que ter un animal de compañía.
2. Aumente as medidas de control do abandono e o maltrato animal.
3. Estableza os requisitos necesarios para os centros de acollida de animais abandonados.
4. Facilite a persecución e castigo das condutas que poñan en perigo a integridade dos animais.



Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai a Xunta a aprobar un regulamento de desenvolvemento da Lei 4/2017 do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, en consenso coas asociacións e demais axentes implicados?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 11:17:44

Pablo Arangüena Fernández na data 21/02/2022 11:17:53

Patricia Otero Rodríguez na data 21/02/2022 11:18:05

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/02/2022 11:18:16



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Plan de Infraestruturas Xudiciais de Galicia 2010-2015, que contaba cun investimento inicial de máis de 97 millóns de euros, para levar a cabo obras de rehabilitación, ampliación ou nova construción de edificios xudiciais en Galicia, está moi lonxe de estar rematado.

Nestes anos o mesmo centrouse en grandes actuacións xudiciais coma o novo xulgado de Pontevedra ou a Cidade da Xustiza de Vigo, ambas tan necesarias e cuxas obras alongáronse tanto no tempo, e deixou de lado outras actuacións menores en edificios xudiciais, moitos dos cales presentan carencias graves.

No orzamento 2021 contempla un investimento de 285.000 € para obras menores en edificios xudiciais.

Cantidade que que nos parecen moi insuficiente tendo en conta as necesidades que existen en moitos xulgados do noso país.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista presentamos nas nosas emendas parciais un aumento desta cantidade, que non foi aceptada polo Partido popular.

A finalidade deste aumento orzamentario era poder adaptar as dependencias xudiciais ás necesidades que xorden en cada un dos xulgados do noso país e que mellorarían as condicións nas que se atopan moitos deles, dando un servizo moito máis axeitado aos seus usuarios e usuarias, e aos traballadores e traballadoras da xustiza.

Entre outras necesidades, entendemos coma prioritaria a de dotar aos edificios xudiciais de salas de agarda en condicións, para que a espera poda facerse cun mínimo de comodidade e dignidade.



Ou a necesidade de dotar a estes edificios de lugares onde poidan agardar as persoas detidas ou presas que son trasladadas para asistir a xuízo, tanto por seguridade como por respecto a súa dignidade.

Do mesmo xeito, entendemos que tamén sería necesario a habilitación de prazas de aparcamento para os efectivos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que teñen que trasladar a persoas detidas ou presas e custodialas durante toda a súa estancia no xulgado.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia, facer un informe sobre as carencias que presentan as infraestruturas xudiciais do noso país?
2. Ten previsto o Goberno galego elaborar, presupostar e executar, un plan de actuación nos edificios xudiciais que presenten carencias?
3. Vai o Goberno galego a mellorar as condicións nas que se atopan moitas salas de agarda dos xulgados so noso país?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia habilitar nos xulgados nos que non existan calabozos, zonas específicas onde poidan agardar as persoas detidas ou presas que son trasladadas para asistir a xuízo, tanto por seguridade como por respecto a súa dignidade?
5. Vai o Goberno galego habilitar prazas de aparcamento para os efectivos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, que acoden ao xulgado a trasladar e custodiar a persoas detidas ou presas, alí onde non existen?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 12:30:30

Pablo Arangüena Fernández na data 21/02/2022 12:30:38



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, aprobado o 13 de xaneiro de 2011, estableceu uns obxectivos para impulsar a xestión de residuos domésticos en Galicia cara un escenario máis sostible.

Posteriormente, coa publicación da Lei estatal 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e a posterior aprobación do Plan Estatal Marco de Residuos 2016-2022 (PEMAR) o 6 de novembro de 2015, as comunidades autónomas tiveron que adaptar os seus plans.

Galicia no mes de decembro actualizou o seu PXRURG establecendo novos obxectivos en materia de reciclado e preparación para a reutilización, en cumprimento das obrigas comunitarias en materia de planificación recollidas na Directiva 2008/98/CE Marco de Residuos, e ampliou a vixencia do plan ata 2022.

Entre estes obxectivos atopábanse con carácter cualitativo a prevención e o reciclado e reforzar o principio de xerarquía nas opcións de xestión de residuos.

E con carácter cuantitativo, antes de 2020, a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado para as fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos ou outras fraccións reciclables deberá alcanzar en conxunto, como mínimo, o 50 % en peso.

Así, a partir da bolsa tipo de Galicia, a previsión das cantidades que se deberían destinar a preparación para a reutilización e reciclado en 2020 para a materia orgánica, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización tiña que ser de 245.261 toneladas.

A Plataforma Galega de Información Ambiental, Gaia, indica que no ano 2019, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización foi de 46.095 toneladas, cantidade moi lonxe dos obxectivos marcados.



Por outra banda, estableceuse tamén un esquema de desenvolvemento temporal do plan, que contemplaba 3 fases temporais (Inicio do Plan 2010-2013, Primeira Fase de Consolidación 2014-2017, e Segunda Fase de Consolidación 2018-2020), e unha Fase Final de Avaliación, que se prolongará durante os anos 2021 e 2022. Cuxos obxectivos están tamén moi lonxe de ser cumpridos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que nestes 10 anos non cumpriu os obxectivos marcados no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia?
2. Como xustifica, que mentres o obxectivo para a reutilización e reciclado en 2020 da materia orgánica, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización tiña que ser de 245.261 toneladas, a cantidade fora en 2019 de 46.095 toneladas?
3. Onde destinou o investimento que tiña previsto para as construcións destas máis de 11 novas plantas de compostaxe de FORSU?
4. Por que nestes 11 anos non levou a cabo nin unha das 11 novas plantas de compostaxe de FORSU, que tiña previstas?
5. Tendo en conta o retraso existente no cumprimento dos obxectivos, que medidas vai adoptar para cumprir as esixencias marcadas pola UE en materia de xestión de residuos orgánicos?
6. Pode o escaso nivel de cumprimento, conlevar algunha sanción por parte do Estado ou da UE?
7. Vai elaborar, como tiñan comprometido, un informe de conclusións sobre o nivel de cumprimento dos obxectivos do Plan de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020?



8. Que lugar ocupa a nosa comunidade dentro do Estado, en relación a eficiencia na xestión de residuos e o grao de cumprimento das esixencias que marca a UE?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Patricia Otero Rodríguez
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 11:24:01

Pablo Arangüena Fernández na data 21/02/2022 11:24:09

Patricia Otero Rodríguez na data 21/02/2022 11:24:20

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/02/2022 11:24:30



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Dirección Xeral de Tráfico, considerou entre un dos 100 puntos máis perigosos de España un situado na provincia de Pontevedra, en concreto o tramo da estrada PO-313 comprendido entre os lugares de Cadro e Miñán, en Marín.

Este tramo presenta unha concentración moi elevada de accidentes sobre todo entre os e as motoristas, ata o punto de aparecer na listaxe da web da DGT de estradas máis perigosas do país para as persoas motoristas.

Ao final do pasado ano a Dirección Xeral de Tráfico (DGT) instalou novas sinais nos cen tramos de estradas secundarias españolas máis perigosos para os motorista, e esta foi unha delas.

Trátase de sinais verticais de gran tamaño nas que, cun fondo verde, destacase en vermello "*Atención motoristas*", indicándose o número de vítimas nese tramo nos últimos cinco anos e advírtese que o mesmo ten reforzada a vixilancia.

Esta estrada comeza en Marín e remata en Moaña, atravesando o Morrazo de norte a sur, pero sen dúbida o punto máis perigoso, que concentra un maior número de accidentes é o que vai dende a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila.

Os problemas que formula esta vía son os seguintes:

- a) Estrada con moitas curvas pechadas, con escasa visibilidade.
- b) Zonas onde se acumula a auga cando chove pola mala filtración, e moitas humidades pola falta de sol.
- c) Moito tránsito de tractores, e saídas a estradas ou camiños que están sen sinalizar con escasa visibilidade.

A Consellería de Infraestruturas fixo actuacións nesta estrada pero esqueceu o tramo máis perigoso, polo que dende o Grupo Parlamentario Socialista pedímoslle ao Goberno da Xunta de Galicia que non deixe sen rematar esta actuación e incida nos puntos de maior conflito, co fin de poder limitar e frear



esta tan indesexable estatística de accidentes de tráfico.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que consideración fai o Goberno da Xunta de Galicia da gran concentración de accidentes que se producen no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila?
2. Ten o Goberno galego previsto encargar un informe técnico co fin de acadar a fórmula axeitada para reducir a siniestralidade no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila?
3. Vai o Goberno da Xunta de Galicia levar a cabo de forma urxente, a execución das obras e modificación necesarias no tramo da estrada PO-313 entre a Cruz da Maceira no Concello de Marín ata Pardavila, co fin de reducir o perigo?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 11:32:20

Patricia Otero Rodríguez na data 21/02/2022 11:32:29

Juan Carlos Francisco Rivera na data 21/02/2022 11:32:39



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei galega 10/2003, do 26 de decembro, regula o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

Na actualidade, pasados case 18 anos, e necesario adaptar esta lei á normativa vixente a nivel europeo e estatal, en concreto ao Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral sobre os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, que cumpre o mandato recollido na disposición derradeira segunda da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa ao Convenio internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, xa que implica a consagración destes dereitos e a obriga dos poderes públicos de garantir que o exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade é completo e efectivo, en de acordo co establecido no artigo 9.2 da Constitución.

Polo tanto esta lei precisa reformas para adaptala á nova normativa en extremos como:

1. Ampliación da aplicación desta lei non só ás persoas que a consecuencia da súa discapacidade teña que ir acompañada dun can de asistencia, tamén para outras persoas que precisen da utilización dun can de asistencia para promover a súa autonomía persoal (cans de asistencia xubilados, a vítimas de violencia de xénero) e necesidade de ampliar o dereito de acceso a outros ámbitos, singularmente o laboral e os espazos privados de uso colectivo.

2. Necesidade dun desenvolvemento regulamentario que inclúa entre outros extremos:

- O relativo ao procedemento de acreditación, rexistro e identificación oficial dos cans de asistencia.
- Creación dun distintivo de identificación oficial coa fin de posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e



educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento, ou aos cans guía xa acreditados como tales.

Así mesmo e co fin de sensibilizar á cidadanía sobre a necesidade de garantir accesibilidade a toda a poboación así como sobre a función que levan a cabo estes cans, dende o Grupo Parlamentario Socialista, entendemos que sería axeitado que pola Xunta de Galicia, se promocionen campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas á poboación en xeral, cun maior fincapé en promover ese tipo de campañas para os centros de ensino ou sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai reformar o Goberno galego a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia? Cando?
2. Vai a incluír nesta reforma os cans que prestan asistencia as persoas maiores ou vítimas de violencia de xénero?
3. Cando ten previsto o Goberno ditar disposicións de desenvolvemento de dita lei?
4. Vai abrir o Goberno un procedemento participativo de cara a ese desenvolvemento? Cando?
5. Pensa o Goberno que a lei debería posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento?
6. Vai promover o Goberno campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas especialmente aos centros de ensino e a sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos?



7. Ten intención o Goberno de potenciar o Comité Consultivo para a Protección Animal, regulado na lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, como órgano de consulta e asesoramento con relación aos cans de asistencia?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 11:46:33

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Marina Ortega Otero na data 21/02/2022 11:46:44

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2022 11:46:56



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No *Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*, así como o artigo 14 da *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*, establécese a obriga de implantar unha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o fomento desta no inclusión nas relacións sociais, culturais e artísticas.

A lexislación establece claramente o uso non sexista da linguaxe, entendendo por tal a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

Consecuencia desta normativa, dende a Xunta de Galicia se vén elaborando un informe de impacto de xénero, onde se examinan a perspectiva de xénero e á linguaxe inclusiva, no articulado das leis, con anterioridade a súa aprobación polo Parlamento de Galicia.

Isto fai que o que na actualidade, con carácter xeral non se inclúa unha linguaxe sexista na nova lexislación galega pero aínda así son múltiples os exemplos deste tipo no noso ordenamento xurídico.

Coma a normativa en vigor sobre o “Valedor” do Pobo de Galicia, que mantén tal nome incluso logo da aprobación de varias modificacións lexislativas. Denominación que contrasta co feito de que, tanto no pasado como na actualidade, tal institución estea ocupada por unha muller.

Ou as leis autonómicas que regulan a varios colexios profesionais, como a de “podólogos”, de “educadores sociais” ou de “protésicos”; ou a lei de confrarías de “pescadores”; ou, no ámbito da sanidade, a relativa a historia clínica “dos” pacientes.

Son expresión que compre modificar e substituír por outras que eviten formas discriminatorias ou androcéntricas, de modo que a terminoloxía empregada estea



en harmonía co principio de igualdade de sexos. Así o recolle mesmo o artigo 97 das directrices de técnica normativa aprobadas en Galicia.

Faise pois convinte tomar as medidas precisas para contribuír dende a Xunta de Galicia a instaurar unha política de igualdade, para o cal a nosa linguaxe debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva e non androcéntrica, estando libre de estereotipos sexistas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que a linguaxe utilizada no noso ordenamento xurídico galego debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva, non androcéntrica, e libre de estereotipos sexistas?
2. Vai a Xunta de Galicia por en marcha un procedemento que permita corrixir progresivamente a linguaxe sexista de toda a lexislación autonómica actualmente en vigor?
3. Entende o Goberno galego que compre a revisión urxente das normas que regulen as institucións estatutarias para garantir que están libres de linguaxe sexista?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 12:03:01

Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2022 12:03:09

Noelia Otero Lago na data 21/02/2022 12:03:20

Pablo Arangüena Fernández na data 21/02/2022 12:03:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás eivas no procedemento para a renovación da xestión privada do centro de menores de Montealegre e ás actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para retornar á xestión pública directa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de menores de Montealegre, en Ourense, estivo pechado desde que no ano 2012 a Xunta de Galiza decidira, sen buscar consenso social e político, interromper os seus servizos coa desculpa de efectuar unha serie de reformas e obras.

Xa no 2012, o BNG alertaba de que esta operación viña acompañada dunha serie de indicios que facían ver a súa posíbel privatización e externalización, como o feito de modificar a relación de postos de traballo para amortizar os postos temporais e desprazar os fixos para o centro da Carballeira, que tamén absorbeu as e os menores que estaban a ser atendidos no centro.

Andado o tempo, constatouse que, efectivamente, era unha nova estratagem do Partido Popular para privatizar un servizo público máis, cuestión especialmente grave cando estamos a falar da intervención no ámbito da protección, custodia e educación de menores. O 1 de marzo de 2018 certificouse a intención privatizadora da Xunta de Feijóo ao publicarse no Diario Oficial de Galiza a resolución do 23 de febreiro de 2018 pola que se anunciaba a convocatoria pública do procedemento de contratación aberto,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

polo trámite ordinario, para a adxudicación do contrato de servizos, documentalmente simplificado, suxeito a regulación harmonizada, denominado Xestión e dirección do centro Montealegre en Ourense. Recóllese desta forma o procedemento para a execución dun programa de acollemento residencial de menores baixo a medida de protección de tutela ou garda da Xunta de Galiza, especializado na atención terapéutica para menores con problemas de conduta.

Alén do escurantismo que veu practicando a Xunta de Galiza no último lustro e da ausencia dun proceso dialogado para definir a xestión do Centro, chamaba a atención tamén que o número de prazas fose de 24, menos das anteriormente ofertadas, e que as obras destes anos, que acumulan un investimento de case dous millóns de euros, non supuxeran unha ampliación da capacidade. Por riba, isto supuxo unha amortización escondida de postos de traballo públicos que as organizacións de traballadores tamén rexeitaron. Así mesmo, é necesario recordar que aquel procedemento contaba cun polémico prego de condicións técnicas, tanto por primar a oferta económica por riba de calquera outro criterio (60%) como polo feito de que nin sequera esixía que as e os Educadores sexan titulados en Educación Social, abrindo a porta a meirande precarización e ao intrusismo profesional. Esta cuestión foi mesmo denunciada polo Colexio Oficial de Educadoras e Educadores Sociais de Galiza e a Xunta tivo que rectificar parcialmente.

Naquela altura, desde as organizacións sindicais, sociais e tamén este Grupo Parlamentario, demandouse a rectificación da Xunta e que asumise a xestión directa. Máis alá da inmoralidade e da perda de recursos públicos que supón o procedemento de privatización, facíase fincapé na colisión coa marco legal, desde a propia lei de familia e de servizos sociais ás recomendacións internacionais e científicas na materia, que aconsellan a estabilidade do persoal para unha mellor folla de ruta educativa das e dos menores, obxecto de protección.



A estabilidade do persoal incrementa con moito as posibilidades dunha intervención con éxito e é pouco eficiente que o persoal que vai adquirindo experiencia sexa substituído por outro novo ben polo remate da concesión ben polas condicións laborais.

O pasado mes de xaneiro a Xunta de Galiza iniciaba novamente os procedementos para adxudicar a unha entidade privada a xestión e dirección do centro, mais este procedemento vén de ser anulado por incumprimento da lei de contratos, por un erro non subsanable que o deixa sen efecto. O feito de que o procedemento de nova contratación veña de ser tombado porque se omitiu a relación do persoal a subrogar fai saltar todas as alarmas sobre a xestión e a necesidade dunha rectificación ao respecto.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Cales son as razóns para que a Xunta de Galiza continúe emperrada en manter privatizada a xestión do Centro de Menores de Montealegre (Ourense)?

. Cales son os motivos para que a Xunta de Galiza cometese un erro no procedemento para continuar coa xestión privada que colide cos dereitos das e dos traballadores?

. Vai aproveitar a Consellaría a oportunidade para rectificar e retornar ao ámbito público o funcionamento dun centro no que o erario público investiu millóns de euros?

. Seguiu a Consellaría algún plan de traballo específico para consensuar coa comunidade socioeducativa ou cos colexios profesionais do sector as condicións de funcionamento que deberá ter o centro na súa futura etapa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Por que na reapertura do ano 2018 non se preveu un aumento da capacidade do centro? É posible facelo agora sen incrementar obras? Estivo, polo tanto, escatimando prazas o goberno galego nestes anos?

. Elaborou algún tipo de estudo a Xunta de Galiza para avaliar o funcionamento destes anos?

. Vai rectificar o ERE encuberto que supuxo a privatización do centro?

. Vai establecer algún tipo de conexión e colaboración coa Universidade de Vigo, toda vez que está especializada en traballo e educación social e que ten un mestrado específico sobre conduta adolescente?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2022 12:32:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2022 12:32:17



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O patrimonio histórico arquitectónico, ten unha gran importancia cultural, e xoga un papel crave para entender o pasado, pois é tanxible, obxectivo e mesurable, e aí radica o seu valor, por elo a súa protección es vital para toda civilización.

É fiel reflexo da historia dun lugar e por iso ten que conservarse. A da ponte de Pontesampaio en Pontevedra reúne sobradamente estes requisitos.

Esta ponte construída na Idade Media, cruza o río Verdugo, e une as parroquias de Arcade (concello de Soutomaior) e Pontesampaio (concello de Pontevedra).

Foi construída cun aparello de sillería granítica, na súa configuración actual son evidentes intervencións de momentos diferentes, as máis antigas visibles a día de hoxe, dado o tipo de arcos apuntados conservados na súa estrutura, de tempos baixomedievais.

Esta intervención, sen dúbida, fíxose sobre ou a partires de fundamentos anteriores, romanos con toda probabilidade, pois o certo é que os miliarios localizados non moi lonxe do monumento invitan a pensar que a súa orixe se data xustamente nesa época.

No río, por outro lado, encontrábase o límite, en tempos romanos, entre o Conventus Bracarenis e o Conventus Lucensis e marca -aínda hoxe e dende a Idade Media- a separación entre as dioceses de Tui e Santiago de Compostela, separación que, con toda probabilidade, marcaban as dúas construcións de pedra que hai tempo desapareceron do medio da ponte.

Esta ponte é coñecida, sobre todo, pola batalla dos días 7 e 8 de xuño de 1809, facendo dela un referente imprescindible da nosa cultura, espazo histórico de reivindicación e liberdade. En efecto, as forzas da chamada División do Miño, dirixidas por Morillo, apostáronse na ponte o día 7 de xuño de 1809, co cometido de evitar a reconquista de Pontevedra, Marín e Tui polo exército francés dirixido polo mariscal Ney, quen contaba con preto dos 10000 efectivos. A milicia galega



derrubou dous arcos da ponte e rexeitou o ataque francés. O trunfo foi fundamental para a do exército francés do noso país.

Ademais, pola ponte pasan cada ano milleiros de peregrinos que fan o camiño portugués a Santiago de Compostela.

O estado actual da ponte caracterízase polo seguinte: das rochas agroma vexetación case todos os meses do ano, moitas pedras están movidas e desencaixadas, o pavimento da estrada autonómica que por ela circula está levantado e rachado en moitos dos seus tramos como consecuencia do tráfico que a diario segue a circular e case non ten iluminación.

Ao anterior hai que sumar os danos no seu pretil que case cada ano sofre, derivado do tráfico rodado.

O propio Goberno respondía en marzo de 2016 a unha pregunta deste grupo parlamentario sobre o estado de conservación da ponte, que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte é “aceptable”, adxectivo que non compartimos nin de lonxe, só con ver o estado aparente desta ponte.

Dende o Grupo Socialista, creemos que a Xunta de Galicia ten a obriga de conservar o noso patrimonio histórico arquitectónico como parte da nosa cultura e da nosa historia, e neste caso non o está a facer.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Asume o Goberno galego a obriga de conservar o noso patrimonio histórico arquitectónico como parte da nosa cultura e da nosa historia?
2. Entende o Goberno galego que a significación da ponte medieval de Pontesampaio é acorde co estado de conservación no que se atopa?



3. Ten previsto o Goberno galego, levar a cabo as accións convenientes para rehabilitar e conservar a ponte de Pontesampaio, en Pontevedra, con todas as garantías que esta merece, xa que constitúe parte do patrimonio histórico de Galicia?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 12:10:42

Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2022 12:10:58

Noelia Otero Lago na data 21/02/2022 12:11:08



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero a asistencia xurídica inmediata e gratuíta en todos os procedementos, tanto xudiciais como administrativos, que teñan relación coa situación de violencia, incluso para formular a denuncia.

O Real decreto-lei 141/21, de 9 de marzo aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, que vén modificar o Real decreto anterior 3/2013, do 22 de febreiro, e regula o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta, de conformidade co disposto na Lei 1/96 de 10 xaneiro, asistencia xurídica gratuíta.

Establecendo un marco de regulación e harmonización na materia sen prexuízo da posibilidade de desenvolver normativas específicas e máis restritivas nas comunidades autónomas con competencias transferidas.

Así en Galicia temos desenvolvido este dereito no Regulamento de asistencia xurídica gratuíta, establecido por Decreto 134/2017, de 7 de decembro.

En toda a normativa anterior se regula o dereito da muller vítima de violencia de xénero, a ter asistencia xurídica e defensa con carácter gratuío independentemente da súa capacidade económica.

No artigo 30 deste regulamento autonómico establece uns requisitos complementarios para garantir a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero e de vítimas de trata de seres humanos, así como menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental que sexan vítimas de situacións de abuso ou malos tratos como son que esta a leven a cabo avogados/as especializados/as.

Tamén establece a posibilidade de que as comunidades autónomas poidan regular o acceso aos servizos de asistencia xurídica gratuíta.



Ase mesmo, no artigo 32 establece que a asistencia ás vítimas nos procedementos penais de violencia de xénero, a prestará o mesmo avogado/a dende que se requira dita asistencia e ata a finalización do procedemento, abarcando ademais tódolos procesos penais, civís, contencioso-administrativo e sociais, así como procedementos administrativos, que teñan causa directa o indirecta na violencia padecida.

Este mesmo dereito asistirá tamén aos causahabientes en caso de falecemento da vítima.

Dende o Grupo Socialista entendemos que estas garantías non chegan. Os datos estatísticos dinos que o 80 % das mulleres asasinadas non tiñan denuncias previas, e polo tanto dende a administración é necesario seguir incrementando estas garantías que ofrezan as mulleres vítimas unha maior seguridade e confianza no sistema xudicial.

E por iso polo que formulamos esta iniciativa, na que solicitamos que dende a Xunta de Galicia, previo acordo no Consello Asesor de Asistencia Xurídica Gratuíta, se establezan unha serie de medidas que van contribuír a mellorar esa protección á que a administración está obrigada, en concreto:

- Engadindo como requisito de obrigado cumprimento para os letrados que queiran acceder ou manterse na quenda especial de violencia de xénero, non ter sido condenado por sentenza firme por un delito de violencia de xénero.
- E por outra banda, engadindo á unidade de actuación letrada establecida nos casos de asistencia a vítimas de violencia, a defensa nos procedementos posteriores que estean vinculados coa condena inicial por violencia de xénero, tanto sexan de carácter penal ou de calquera ámbito, como pode ser procedemento por quebrantamentos de condena, acoso, ameazas e demais, sen que se estableza o prazo máximo dun ano.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que é necesario implementar máis medidas dende a Administración pública que garantan a protección e o acceso á xustiza das vítimas de violencia de xénero?



2. Considera o Goberno galego que un letrado condenado por violencia de xénero pode asumir a asistencia xurídica ou defensa dunha vítima de violencia?
3. Entende a Xunta de Galicia que a xudicialización dos casos de violencia de xénero debe ser o menos lesiva posible e debe evitar os maiores prexuízos para as vítimas?
4. Entende axeitado dada a situación de vulnerabilidade na que se atopan as vítimas de violencia que teñan que cambiar de avogado segundo o procedemento no que se enfrente ao agresor?
5. Cree axeitado o Goberno galego, que a vítima de violencia teña que empezar de cero a nivel xudicial, no caso de que o agresor incorra nun delito de quebrantamento de condena?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 12:11:52

Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2022 12:11:59

Noelia Otero Lago na data 21/02/2022 12:12:08

Pablo Arangüena Fernández na data 21/02/2022 12:12:14



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O centro sociosanitario Hestia Santa María, foi rehabilitado para este uso no ano 1999.

Ofrece servizos como recurso de hospitalización para atender a enfermos crónicos ou convalescentes que precisen unha atención especializada e personalizada, formando parte da rede sanitaria pública galega.

A atención sociosanitaria comprende o conxunto de coidados destinados a aquelas persoas enfermas, xeralmente con carácter crónico, e persoas con discapacidade que, polas súas características especiais (persoas con demencia, enfermidades neurolóxicas, maiores, persoas con enfermidades terminais avanzadas, e coidados paliativos), pódense beneficiar da actuación simultánea dos servizos sanitarios e sociais para potenciar a súa autonomía, paliar as súas limitacións ou sufrimentos e facilitar a súa reinserción social.

Hai uns días a Consellería de Sanidade informou ao centro, que non poderá continuar por «deficiencias estruturais e non asistenciais».

Esta decisión obriga a recolocar con urxencia a medio centenar de doentes e a aplicar un ERTE para as 32 persoas traballadoras.

Santa María estaba en fase de renovación da autorización hospitalaria —forma parte do Sergas— e se ata o de agora se rexía por uns criterios socio sanitarios, agora tería que facelo polos hospitalarios, un cambio legal que o pon contra as cordas e lle obriga a cerrar por non poder cumprilos.

A noticia do peche do sanatorio, pillou por sorpresa a moitas familias, que estes días están pendentes de saber cal é o destino dos seus familiares, que na maioría dos casos, son grandes dependentes.



O Sergas está a levar a cabo o traslado dos doentes, sen que a día de hoxe moitos saiban onde van ir os seus familiares.

Pontevedra non conta cunha alternativa sociosanitaria polo que algúns están volvendo ao hospital de orixe, outros a centros de irmáns misioneiros, ao Hestia de La Robleda e tamén para as casas de familiares, pero hai quen non ten fogar.

As familias aínda están asimilando esta nova situación que foi de súpeto sen que puidesen ter capacidade de resposta, nunha actitude por parte do Sergas dunha total falla de sensibilidade, cara a estas persoas en situación de vulnerabilidade e os seus familiares.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego dotar Pontevedra dalgún centro sociosanitario de carácter público?
2. Como xustifica o Goberno galego a présa no traslado dos doentes do centro Hestia Santa María?
3. Como cre o Goberno da Xunta que vai afectar este traslado á calidade de vida dos doentes e ás súas relacións familiares?
4. Pode o Goberno galego confirmar que os usuarios do centro non estaban sufrindo inclemencias polo mal estado do centro?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 12:14:31

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2022 12:14:38

Marina Ortega Otero na data 21/02/2022 12:14:46



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O colexio E.E.I. Nosa Señora do Carme, está situado na Avenida Jaime Janer s/n, 36900 Marín (Pontevedra), creada no ano 1962, foi sempre unha escola de referencia nesta vila.

Durante o curso escolar 2020-2021 a escola de educación infantil Nosa Señora do Carme tivo tres aulas de alumnos (10 alumnos/as na aula de 4º de Educación Infantil, 10 alumnos/as na aula de 5º de Educación Infantil e 14 alumnos/as na aula de 6º de Educación Infantil).

O persoal docente estaba composto por un especialista de Educación Infantil por aula (3 titores/as), unha especialista de Inglés con dedicación completa e unha especialista de Audición e Linguaxe tamén a xornada completa.

Recentemente recibiu a nova, por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, da intención de pechar unha aula desta escola e a supresión de dous postos de mestres especialistas para o vindeiro curso escolar 2021-2022.

De acordo coa información recibida a situación da escola de Educación Infantil Nosa Señora do Carme para o vindeiro curso escolar 2021-2022 sería de soamente 2 aulas de idades mistas con 15 nenos/as cada unha e que contarían cada unha delas cun alumno/a con necesidades educativas especiais (NEE).

Isto suporía ter que dividir cada un dos actuais grupos de 4º e 5º de Educación Infantil que levan xuntos un e dous anos respectivamente e mesturalos cos novos alumnos/as.

O persoal docente dispoñible para o alumnado deste curso (4 alumnos/as menos que o anterior) segundo as novas recibidas quedaría reducido a 2 titores/as (un especialista de Educación Infantil por aula), un/unha especialista de Inglés con dúas sesións á semana e un/unha especialista en Audición e Linguaxe con cinco sesións/semána, é dicir, un día/semána.



Isto non se pode entender con carácter xeral pero menos, coa situación actual de pandemia derivada do Covid-19 e de acordo cos protocolos vixentes nesta materia por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Non ten sentido mesturar nenos de distinta idade e aumentar o número de alumnos/as en cada aula do centro respecto ao curso pasado e ao mesmo tempo diminuír o número de docentes dispoñibles no centro.

A maiores a comunicación desta nova situación faise no momento en que a solicitude da reserva de prazo e matrícula está pechada, polo que as nais e pais do alumnado neste centro non coñeceron a nosa situación que terá o centro para o vindeiro curso escolar e, polo tanto vanse atopar cun centro escolar con características diferentes ás que tiña no momento de reserva de praza e matrícula.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto o Goberno galego, tralas protestas existentes, manter no centro escolar EEI Nosa Señora do Carme as tres aulas de infantil?
2. Vai contar o centro escolar EEI Nosa Señora do Carme, cun docente na especialidade de Inglés e cun docente na especialidade de Audición e Linguaxe ámbolos dous a xornada completa, para o vindeiro curso 2021-2022?
3. Como xustifican que poidan quedar 30 alumnos/as a cargo so de 2 titores?
4. Que vai pasar se un destes titores ten unha baixa o enfermidade común?
5. Teñen coñecemento que neste centro existen dous alumnos con Necesidades Educativas Especiais?
6. Creen que a atención destes nenos/as está ben cuberta?
7. Pretende o Goberno galego o futuro peche desta escola que leva en funcionamento 6 décadas?
8. Como xustifica este agrupamento no momento de pandemia no que nos atopamos?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 21/02/2022 12:22:32

Noelia Otero Lago na data 21/02/2022 12:22:40

Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2022 12:22:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se deduce da publicación dos convenios da Axencia Galega de Infraestruturas desde setembro de 2020 até finais do ano 2021, a citada Axencia asinou convenios cos seguintes concellos para a realización de obras de acondicionamento e mellora de estradas:

- Concellos de Ames: 140.101 €
- Concello de Padrón: 478.696 e 478.696, con un total de 957.392€
- Concello de Xinzo: 2.000.086€
- Concello de Cerdedo-Cotobade: 71.600€
- Salvaterra de Miño: 55.000€
- Vilariño de Conso: 25.814€
- Valga: 531.498€
- Cenlle: 170.926€
- Vilamarín: 453.870€
- Bande: 726.205€





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Salvaterra de Miño: 500.303€

-Oleiros: 188.907€

Por outra parte, a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade asinou nos anos 2019, 2020 e 2021 convenios con concellos para cofinanciar obras de urbanización de estradas autonómicas, como é o caso da rúa Concepción Arenal en Marín, a rúa Progreso en Sanxenxo ou a Travesía de Portonovo.

Trátase de convenios decididos de maneira arbitraria, que na maior parte dos casos favorecen a concellos gobernados polo PP. E segundo novas de prensa constan peticións semellantes doutros concellos que non reciben o mesmo trato.

Á vista desta listaxe de convenios e os antecedentes de anos anteriores fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que criterios segue a Axencia Galega de Infraestruturas para a escolla dos convenios que asina con concellos para financiar obras de mellora de estradas e rúas?

Que criterios segue a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade para a sinatura de convenios de colaboración con concellos para a urbanización de treitos urbanos de estradas autonómicas?

Por que se atenden as solicitudes duns concellos e se desbotan as doutros?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2022

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/02/2022 12:39:32

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2022 12:39:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre as verdadeiras razóns para as demoras na execución da construción do CAPD malia existir na vixente lei de orzamentos un instrumento para compensar a suba de prezos dos materiais .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A reivindicación a favor dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública da plataforma Procaped Ourense, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar público e de xestión pública directa, vén de lonxe. Aínda que foi xa no ano 2016 cando as e os candidatos por Ourense ao Parlamento Galego comprometeron coa súa sinatura o seu compromiso con esta infraestrutura no caso de gobernar, o Partido Popular demorou a súa concreción alongando no tempo os incumprimentos.

Cómpre recordar que a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas das comarcas de Ourense así como máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación dun CENTRO TERAPÉUTICO OCUPACIONAL PÚBLICO e de XESTIÓN PÚBLICA, ou o que é o mesmo un, CAPD no territorio administrativamente coñecido como “provincia” de Ourense, similar o que xa existe no resto de circunscricións galegas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O compromiso de construción deste centro de atención terapéutica-ocupación público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos previamente ás eleccións galegas daquel ano. Existiron tamén acordos semellantes no Concello de Ourense, na Deputación de Ourense e no Parlamento Galego.

Cómpre recordar tamén que após 2016, cando as nais e pais da plataforma examinaron o proxecto exposto polos técnicos da Consellería e descubriron a intención da consellaría de levar a cabo un proxecto totalmente diferente ao que nos comprometéramos todas as organizacións políticas houbo unha gran manifestación o 2 de febreiro de 2017 que levou á Xunta a rectificar e reiniciar o proceso.

Neste momento, asumido por fin por parte da Xunta de Galiza que debe construírse este centro, a principal problemática reside – máis alá dos constantes atrasos por parte de Concello de Ourense e Xunta- na falta de clarificación e compromiso sobre a xestión pública, o que resulta un problema alarmante para nais as nais e pais, e o conxunto da plataforma.

Así as cousas, durante anos a Xunta consignou tímidas partidas orzamentarias mais sen avanzar na realidade. Agora que por fin as obras botaban a andar, o goberno galego acusa na crise de materiais e de prezos as demoras na súa concreción. Porén, hai que ter en conta que outras obras públicas non sufriron estas demoras e que a lei de orzamentos da Xunta prevía mecanismos de compensación. Por outra banda, este é un problema global neste momento, de todas as administracións e de todos os territorios, polo tanto é necesario que se aclaren as verdadeiras razóns e a reprogramación desta obra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, a falta de claridade, e a intencionada falta dun compromiso sobre o modelo de xestión pública do CAPD, e os silencios tras diversas interpelacións por parte da propia plataforma, de nais e pais da mesma e medios de comunicación en xeral a diferentes responsables institucionais, así como as evasivas respostas da Conselleira de Política Social da Xunta está a xerar unha máis que xustificada preocupación. A xestión pública do centro debe ser comprometida para evitar calotes como o acontecido co Centro de Menores de Montealegre.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

. Cales son as verdadeiras razóns da demora na construción do CAPD de Ourense?

. Por que pasa nesta obra e non noutras da Xunta e doutras administracións que teñen o mesmo problema de suba de prezos?

. Comprométese a Xunta de Galiza a garantir por escrito que o CAPD de Ourense será de xestión exclusivamente pública e directa? Cales son os motivos?

. Entende a Xunta de Galiza que este centro deberá ser atendido por traballadores e traballadoras seleccionados, organizados e remunerados pola Xunta de Galiza?

. Cal vai ser o procedemento para seleccionar estes traballadores e traballadoras?

. Ten definido a Xunta de Galiza como se tramitará e fornecerá o equipamento do centro? Porque non se fixo canda o procedemento para a súa construción?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Tense reunido recentemente cos pais e nais? Vaino facer? Que audiencia se lle vai dar no procedemento?

. Vai continuar na senda da privatización de servizos de atención á discapacidade? E á dependencia?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/02/2022 12:54:39

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/02/2022 12:54:42

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2022 12:54:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case sete meses este Grupo Parlamentario presentaba unha serie de iniciativas referidas á denuncia presentada pola Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña no Xulgado de Instrución de Ribeira contra a empresa conserveira Jealsa, ubicada no lugar de Bodión, no concello de Boiro, por verteduras á ría de Arousa. Entre elas, rexistrabamos unha pregunta para resposta escrita, nº de entrada 19354, de 26.07.21., que a día de hoxe aínda -como vén sendo habitual- non foi respostada por parte do Goberno galego.

A finais deste pasado mes de xaneiro tivo lugar unha nova vertedura na zona do Bodión, onde Jealsa ten as súas instalacións, que provocou, máis unha vez, unha cantidade de marisco morto que se conta por toneladas e que tivo unha gran difusión nas redes sociais.

Neste caso, como xa ten sucedido noutras ocasións, os afectados puxeron os feitos en coñecemento do SEPRONA que, cinco días despois, aínda non se personara no lugar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis, por desgraza, esa vertedura non foi a única. Dende xuño de 2021, data na que a Fiscalía de Medio Ambiente da Coruña presentara a súa denuncia no Xulgado de Ribeira, tanto os mariscadores da zona como asociacións levan contabilizadas case outras trinta.

Ademais de non dar resposta ás preguntas deste Grupo Parlamentario sobre este tema, tamén é absolutamente incomprensíbel que a Xunta de Galiza leve anos eludindo as súas competencias na materia e consentindo o deterioro progresivo dos ecosistemas da ría e o grave dano que se está a causar á actividade pesqueira e marisqueira así como ao conxunto dos habitantes da zona.

Tan incomprensíbel que a propia Fiscalía recollía naquela denuncia que non consta un “seguimento axeitado” nin “o exercicio de maneira adecuada da potestade sancionadora da Administración”. Noutras palabras, a Xunta de Galiza diante das reiteradas verteduras ao longo dos anos na zona do Bodión, vén sistematicamente mirando para outro lado, facendo caso omiso dos feitos e das súas consecuencias e, dende logo, evitando actuar de oficio ou arquivando todos os expedientes, agás un, incoados por Augas de Galiza.

Os veciños e veciñas da zona, os mariscadores e mariscadoras, as distintas asociacións e a cidadanía en xeral non atopan xustificación algunha para tanta desprotección. Non só se están a producir danos sobre os recursos naturais e o medio ambiente, senón tamén, con total impunidade, sobre a saúde pública.

Non é de recibo que nestes tempos nos que as distintas Administracións fan chamamentos contínuos sobre o coidado do medio ambiente, no que invisten miles de euros públicos en subvencionar a limpeza de ríos, praias e o mar das rías, e tamén en campañas de sensibilización, permitan ou permanezan impasíbeis diante de prácticas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que poñen en perigo a riqueza natural da ría de Arousa e en serio risco a principal actividade, a pesqueira e marisqueira, que se desenvolve nela.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

1.- Que valoración fai a Xunta da calidade das augas e dos datos de vertidos ás rías galegas, nomeadamente á ría de Arousa, dados a coñecer anualmente por Augas de Galicia?

2.- Que medidas está a tomar para reducir eses vertidos que, segundo os datos, non deixan de medrar?

3.- Que valoración fai da súa propia actuación diante das numerosas denuncias que se producen cada ano relativas a vertidos ás rías?

4.- Ten coñecemento do vertido producido na zona do Bodión a finais de xaneiro e que causou unha importante mortandade de marisco? De ser así, que actuacións levou a cabo? Abriu algún expediente?

5.- Considera que nos casos de vertidos na zona do Bodión nos últimos anos a actuación da Consellaría do Mar e a de Augas de Galiza está a ser dilixente, rigurosa e transparente? De ser así, por que continúan os vertidos nesa zona e a que se deben?

6.- Considera compatíbel o chamamento da propia Xunta de Galiza sobre o coidado do medio ambiente coa desatención das reiteradas denuncias da cidadanía relativas a vertidos industriais na ría de Arousa, nomeadamente na zona do Bodión?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7.- Contempla algún mecanismo de compensación para resarcir aos mariscadores e mariscadoras desa zona diante dos danos provocados polo vertido de xaneiro e polos anteriores?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2022

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Luis Bará Torres

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 22/02/2022 09:40:02

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2022 09:40:06

María do Carme González Iglesias na data 22/02/2022 09:40:24

Daniel Castro García na data 22/02/2022 09:40:34



A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O impulso do emprego inclusivo debe constituír unha prioridade para calquera goberno democrático que teña como principio reitor a consecución e garantía da verdadeira igualdade de oportunidades de todos os seus cidadáns e cidadás.

Neste sentido, instrumentos normativos como a Constitución Española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, entre outros, establecen o deber dos poderes públicos de garantir que o exercicio dos seus dereitos sexa pleno e efectivo, tamén os relativos ao ámbito laboral.

Este obxectivo cobra aínda máis importancia si se teñen en conta os resultados de enquisas como “*O Emprego das Persoas con Discapacidade 2020*” ou a “*Enquisa de Poboación Activa*”, elaboradas polo Instituto Nacional de Estatística, que poñen de manifesto a persistencia de diferencias no acceso e permanencia no mercado de traballo por colectivos determinados de persoas, como son as persoas con discapacidade.

Por ese motivo, e dentro das súas competencias, a Xunta de Galicia, ademais de poñer en marcha medidas de actuación ordinarias para o acompañamento da poboación activa, tamén dispón de apoios específicos para a mellora da empregabilidade daquelas persoas cuxa inclusión laboral supón máis dificultades como é o caso das persoas con discapacidade e/ou daquelas en situación ou risco de exclusión social.

Neste sentido, destacan iniciativas como o programa Galicia Emprega que desde hai anos establece unha liña de apoio exclusiva para favorecer a contratación destes colectivos.

Sen embargo, tendo en conta a situación socioeconómica actual e as súas consecuencias, os avances sociolaborais que aínda temos por diante, e sendo consciente da necesidade e importancia de seguir derribando barreiras, neste senso, a Consellería de Emprego e Igualdade artellou un marco de actuación integral que engloba as actuacións de fomento e mellora da cualificación profesional e



empregabilidade das persoas con discapacidade e/ou en situación ou risco de exclusión social a través do Plan Emprega Colectivos Vulnerables.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións concretas compoñen o Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social?
2. A canto ascende o investimento total previsto para este Plan en 2022?
3. A cantas persoas prevé beneficiar?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 22/02/2022 10:16:58

José Alberto Pazos Couñago na data 22/02/2022 10:17:19

María Corina Porro Martínez na data 22/02/2022 10:17:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2022 10:17:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2022 10:18:02

Noelia Pérez López na data 22/02/2022 10:18:17

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/02/2022 10:18:34

López Sánchez, Rosalía na data 22/02/2022 10:18:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Adrián Pardo López, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, as seguintes **preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) fixados polas Nacións Unidas para o período 2015-2030 recolle no seu oitavo obxectivo “*Traballo decente e crecemento económico*” a meta de reducir considerablemente a proporción de mozas e mozos que non están empregados e non cursan estudos ou non reciben capacitación.

Neste sentido, Galicia ten protagonizado importantes avances na empregabilidade deste grupo de idade, obtendo resultados que confirman estar na boa senda da consecución deste propósito.

De feito, a taxa de desemprego en Galicia entre a poboación menor de 25 anos ten presentado un notable descenso no período que fixan os ODS. Así, segundo a Enquisa de Poboación Activa, a taxa de desemprego en menores de 25 anos foi do 40,4% no terceiro trimestre do 2015, mentres que, no mesmo período para o 2021, experimentou un descenso ata o 24,3%, unha caída de case un 40%, e que sitúa a Galicia por diante da media do Estado en descenso deste indicador.

A crise derivada do contexto socioeconómico xerado pola covid-19 obriga a facer aínda maior énfase naqueles colectivos que se atopan con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral, entre eles, a xuventude.

A fin de atender as necesidades específicas deste sector da poboación, a Xunta de Galicia vén de presentar o Plan Emprega Xuventude, dotado con programas específicos e exclusivos de apoio a formación, mellora da empregabilidade e con incentivos á contratación da mocidade galega.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que actuacións concretas contempla o Plan Emprega Xuventude? Cales deles son de nova creación?
2. Cal é o investimento deste Plan para o ano 2022?



3. A cantas persoas mozas prevé beneficiar?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 22/02/2022 10:22:28

Pardo López, Adrián na data 22/02/2022 10:22:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 22/02/2022 10:22:53

María Corina Porro Martínez na data 22/02/2022 10:23:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2022 10:23:21

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2022 10:23:38

Noelia Pérez López na data 22/02/2022 10:23:56

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/02/2022 10:24:12

López Sánchez, Rosalía na data 22/02/2022 10:24:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Alberto Pazos Couñago, Adrián Pardo López, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A promoción das condicións favorables para o progreso social e económico, así como a realización dunha política orientada ao pleno emprego, deben marcar a axenda dos poderes públicos, tal e como establece o artigo 40.1 da Constitución Española.

En consecuencia, e no marco das súas competencias, a Xunta de Galicia está a seguir unha folla de ruta que persegue a plena inclusión laboral de todas as galegas e galegos, con medidas específicas para aqueles colectivos como mulleres, persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social ou persoas mozas, todos eles colectivos que aínda se atopan con maiores trabas á hora de acceder ao mercado de traballo. Galicia precisa contar con todos os seus activos para seguir medrando nas mellores condicións.

Así están en marcha, por exemplo, iniciativas como o programa Galicia Emprega, de apoio a formación e contratación de persoas pertencentes aos anteditos colectivos; os obradoiros de emprego, para persoas mozas; o programa Emega, para mulleres emprendedoras ou as axudas á creación e mantemento de emprego en empresas de inserción laboral e en centros especiais de emprego, para persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

Non obstante, tendo en conta a situación socioeconómica actual e as súas consecuencias directas no mercado de traballo, e á fin de dar resposta a quen atopa maiores dificultades, a Consellería de Emprego e Igualdade artellou un marco de actuación integral para impulsar e mellorar a inclusión laboral das galegas e galegos que máis o precisan a través do Plan Emprega Muller, do Plan Emprega Xuventude e do Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son os obxectivos e actuacións concretas do Plan Emprega Muller, do Plan Emprega Xuventude e do Plan Emprega Discapacidade-Exclusión Social?



Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 22/02/2022 10:27:26

José Alberto Pazos Couñago na data 22/02/2022 10:27:49

Pardo López, Adrián na data 22/02/2022 10:28:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Corina Porro Martínez na data 22/02/2022 10:28:12

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2022 10:28:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2022 10:28:42

Noelia Pérez López na data 22/02/2022 10:28:59

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/02/2022 10:29:18

López Sánchez, Rosalía na data 22/02/2022 10:29:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Juan Carlos Francisco Rivera e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O pasado venres 16 de Xullo publicouse a Sentencia da Audiencia Nacional que resolvía o recurso interposto pola asociación medioambiental GREENPEACE e o Concello de Pontevedra contra a concesión dunha prórroga de 60 anos a empresa pasteira Ence, outorgada polo goberno de Mariano Rajoy no ano 2016.

A sentenza no seu fallo estima o recurso interposto por entender que a situación na que se atopa esta pasteira, isto é en zona de dominio marítimo terrestre, non é axeitada a dereito.

E mantén que a lexislación unicamente permite esta localización cando se trata de actividades ou instalacións que, dada a súa configuración e especiais características, deben estar situadas no dominio público marítimo terrestre, isto é, actividades que pola súa natureza non poden situarse noutro lugar, non por razóns de interese ou conveniencia, senón pola súa vinculación co dominio público, vinculación que esixe a súa ocupación no desenvolvemento da citada actividade.

E entende que esa vinculación da planta de celulosa co dominio público marítimo terrestre, no sentido exposto e a os efectos deste artigo 32.1 da Lei de Costas, de toda a proba practicada nos autos non resultou acreditada.

Tras esta resolución e a espera da firmeza da Sentenza, a Administración competente en materia de desenvolvemento industrial de Galicia, que é a Xunta de Galicia, ten que buscar unha solución que permita a continuidade desta actividade industrial en Galicia.

Todos somos conscientes da importancia que ten este actividade para a economía galega e do número de postos de traballo, directos e indirectos, que esta xera, polo tanto, non podemos permitir que o traslado da mesma sexa fora do noso territorio.



É momento de poñerse a traballar coa empresa para acadar unha solución xusta que permita manter todos eses postos de traballo.

Agora o goberno progresista de España lidera unha mesa de diálogo, na que participan a empresa, as diferentes administracións e os representantes dos traballadores, para tratar de acadar un consenso que leve ao traslado da pasteira dentro do noso territorio.

Pero isto so non chega xa que se necesita vontade real por parte do goberno de Feijóo, que non fixo nada durante este tempo, a pesar de ter a Xunta de Galicia, as competencias exclusiva en materia de industria e desenvolvemento económico do territorio.

Levamos meses falando da oportunidade dos fondos europeos, para impulsar proxectos que teñan como obxectivo transformar a sociedade e atopar solucións reais aos retos máis complexos, como a dixitalización, a transición ecolóxica ou a igualdade.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista creemos que, polo tanto, temos unha oportunidade histórica, para trasladar a empresa e ampliar a súa produción permitindo que acabara o ciclo.

A Xunta de Galicia ten que deixar de botar balóns fora e poñerse a traballar, para dar un futuro a Ence no noso territorio, un futuro a todos eses postos de traballo e a economía galega.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está o goberno da Xunta de Galicia a buscar un emprazamento alternativo para a empresa Ence?
2. Que ten previsto facer o goberno da Xunta de Galicia para que a empresa Ence manteña a súa localización en Galicia?
3. Como vai actuar o Goberno galego para evitar o risco de perda desta actividade industrial e de centos de postos de traballo?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro do 2022





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/02/2022 09:54:49

Pablo Arangüena Fernández na data 22/02/2022 09:54:58

Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/02/2022 09:55:09

Patricia Otero Rodríguez na data 22/02/2022 09:55:19



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Xulgado de garda da Coruña, situado no soto do edificio dos xulgados de Instrución da Coruña, sitos na rúa Capitán Juan Varela, presenta numerosas deficiencias que provocan que non se cumpra nin de lonxe a garantías que a lei prevé tanto para os traballadores como para as vítimas de delitos.

Así, facendo unha enumeración destas carencias, destacamos as seguintes:

- Este xulgado carece de sala de agarda para as vítimas de delitos, no seu defecto hai na entrada uns bancos para facer a espera.
- Non existen servizos públicos, polo que os usuarios, en caso de necesidade, teñen que usar os servizos privados dos e das funcionarias.
- Non conta este xulgado con sala de vistas, tendo que celebrarse as mesmas nas salas dos xulgados de Instrución sitas na 3ª planta.
- Non conta o edificio con prazas de aparcamento para os funcionarios que prestan o servizo de garda.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a Xunta de Galicia como administración competente ten que facer o investimento necesario para que este xulgado poda cumprir os requisitos mínimos para dar un tratamento de calidade e digno a tódolos/as usuarios/as, así como garantir que o espazo de traballo dos profesionais traballadores da administración de xustiza é axeitado para desempeñar a súa función.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cree o Goberno da Xunta de Galicia que o Xulgado de garda da Coruña cumpre os requisitos para garantir a súa seguridade, privacidade e dignidade?
2. Ten pensado o Goberno galego algún tipo de actuación no Xulgado de garda de A Coruña?



3. Vai o Goberno galego habilitar no Xulgado de garda de A Coruña unha sala de espera diferenciada, que garanta a privacidade das vítimas?
4. Ten previsto o Goberno galego a creación, no Xulgado de garda de A Coruña, duns servizos públicos para as persoas usuarias do xulgado?
5. Vai o goberno da Xunta habilitar no Xulgado de garda da Coruña unha sala de vistas que conte con sistema de gravación das mesmas?
6. Ten previsto o Goberno galego, establecer unha reserva de 8 prazas de aparcamento necesarias para os/as funcionarios/as durante o servizo de garda?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/02/2022 10:09:17

Pablo Arangüena Fernández na data 22/02/2022 10:09:24



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O concello da Cañiza non é alleo á política de desmantelamento da sanidade pública levada a cabo durante estes anos de goberno do PP en Galicia.

Este concello conta con 5.122 habitantes e presenta unha tendencia positiva de crecemento nos últimos anos.

O PAC da Cañiza leva conta dende hai dous anos cun facultativo menos, sendo unicamente 3 os profesionais médicos adscritos a este concello, o que supón un prexuízo para o dereito a unha atención sanitaria de calidade da súa veciñanza, xa que son insuficientes para atender ás 4.411 cartillas adscritas.

A poboación da Cañiza, está repartida en 9 parroquias, delas, a de Velaixe é a maior e máis importante das parroquias do municipio. Cunha poboación de arredor de 1.300 veciños e dista da capital 5 km.

E é tamén a máis prexudicada por esta falla de facultativos, xa que o centro de saúde sito nesta parroquia leva dous anos sen repoñer o médico que cesou por unha baixa.

Isto supón un forte agravio para a poboación desta parroquia que se ten que desprazar ata o PAC da Cañiza sito a máis de 5 Km, tendo en conta que se trata na maioría dos casos, dunha poboación envellecida que acode habitualmente ao centro de saúde por cronicidade ou doenzas comúns.

A isto súmase o dano económico que supón usar taxi ou vehículo na maioría dos casos, debido ao deficiente servizo de transporte público existente no noso territorio.

O alcalde da Cañiza leva anos pedindo ao Goberno da Xunta que se cubra esta praza, chamando a todas as portas pero as respostas son sempre evasivas ou negativas.



Este desleixo e falla de atención entendemos que está a evidenciar unha vontade de desmantelamento deste consultorio, que se nun futuro se produce será responsabilidade do Goberno do Partido Popular de Núñez Feijóo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tras dous anos sen repoñer a praza vacante no PAC da Cañiza, cando ten previsto o Goberno da Xunta cubrila?
2. Vai manter o número de 4 profesionais médicos adscritos ao PAC da Cañiza, que existía ata hai dous anos?
3. Cre o Goberno da Xunta que 3 médicos son suficientes para atender as necesidades sanitarias de 4.411 cartillas?
4. Ten previsto o Goberno da Xunta o peche do consultorio da parroquia de Valeixe, na Cañiza?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/02/2022 10:24:00

Julio Torrado Quintela na data 22/02/2022 10:24:07

Marina Ortega Otero na data 22/02/2022 10:24:14



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A UE establece que para o ano 2023, todos os concellos deberán contar cun sistema de recollida separada de residuos biolóxicos. En España moitas comunidades autónomas xa fixeron os deberes e teñen implantado un modelo de recollida, pero en Galicia aínda isto é unha materia pendente.

Os residuos orgánicos representan aproximadamente o 40 % do total dos residuos sólidos urbanos, polo que a súa recollida separada é fundamental para cumprir cos obxectivos de reciclaxe establecidos pola UE, entre os que se atopan a necesidade de reciclar como mínimo o 50 % dos residuos orgánicos.

Galicia está moi lonxe de cumprir estes obxectivos, xa que durante todos estes anos de goberno, o PP non situou este asunto na súa axenda como prioritario. Consecuencia disto é o incumprimento dos obxectivos establecidos no Plan de Residuos Urbanos de Galicia (2010-2022)

O tempo esgótase e a Xunta de Galicia como goberno autonómico ten que levar a cabo actuacións tendentes a acadar unha mellora integral da xestión dos residuos urbanos, onde se respecte a súa xerarquía de xestión, empezando pola minimización e prevención e, deixando como última opción, a valorización enerxética dos residuos e o vertido.

Dende o PSdeG cremos que é necesario priorizar este asunto na axenda medioambiental galega con medidas que leven a unha concienciación e obriga social.

Só así poderemos cumprir os obxectivos marcados dende a UE.



Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas ten previsto levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento aos obxectivos do 50 % da reciclaxe de biorresiduos imposto pola UE e o Goberno de España para 2023?
2. Como xustifica o Goberno galego o desleixo durante estes anos no impulso da reciclaxe de biorresiduos, que ten como consecuencia os datos negativos que presenta o territorio galego?
3. Entende o Goberno galego poñer como prioritario na axenda programas de impulso e formación da reciclaxe de biorresiduos?
4. Ten previsto o Goberno galego impoñer a obriga de levar a cabo a reciclaxe de biorresiduos en organismos e institucións de carácter público?
5. Ten previsto o Goberno galego acadar os obxectivos marcados no Plan de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/02/2022 10:57:39

Pablo Arangüena Fernández na data 22/02/2022 10:57:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre o estado do acueduto do Pontillón no río Caselas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Acueduto do Pontillón é unha estrutura de indubidábel valor patrimonial, etnográfico, histórico e cultural que se atopa situada no río Caselas, entre os concellos de Tui e Salvaterra.

Mais a pesar de este acueduto ser un ben que a propia veciñanza leva anos reivindicando, foi esquecido durante anos por diferentes administracións; que nunca rexistraron este acueduto histórico nos respectivos catálogos de patrimonio.

Sirva como exemplo que nin a Dirección Xeral de Patrimonio, nin os PXOM dos dous concellos nos que se asenta a estrutura, catalogaron este acueduto histórico sostido sobre 6 piares de pedra.

Pero esta situación de abandono do ben histórico, chegou a unha situación insostible entre os días 12 e 13 de agosto de 2020, cando a Confederación Hidrográfica Miño-Sil decidiu derrubar parte do acueduto coa inexplicábel escusa de facer unha escada para peixes. Unha actuación absolutamente intolerábel que contou coa oposición da veciñanza de Caldelas que ollaba con estupefacción como se perpetuaba de xeito impune esta agresión ao acueduto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A día de hoxe, se ben a agresión foi importante, persiste parte da estrutura do acueduto e a veciñanza leva xa máis de un ano e medio reivindicando a súa recuperación; sen que até o de agora nin a Xunta nin a Confederación Hidrográfica desen solucións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4^a :

. Vai o Goberno Galego iniciar os trámites necesarios coa Dirección Xeral de Patrimonio para catalogar o acueduto do Pontillón e proceder a súa restauración?

. Vai a Xunta de Galiza, unha vez catalogado o acueduto do Pontillón por Patrimonio, demandar da Confederación Hidrográfica Miño-Sil a restauración do ben agredido na actuación do 15 de agosto do 2020?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 22/02/2022 18:04:55

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2022 18:04:59

Mercedes Queixas Zas na data 22/02/2022 18:05:07



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O acueduto do Pontillón é unha estrutura de indubidable valor patrimonial, etnográfico, histórico e cultural que se atopa situada no río Caselas, entre os concellos de Tui e Salvaterra.

Mais a pesar deste acueduto ser un ben que a propia veciñanza leva anos reivindicando, foi esquecido durante anos por diferentes administracións; que nunca rexistraron este acueduto histórico nos respectivos catálogos de patrimonio.

Sirva como exemplo que nin a Dirección Xeral de Patrimonio, nin os PXOM dos dous concellos nos que se asenta a estrutura catalogaron este acueduto histórico sostido sobre 6 piares de pedra.

Pero esta situación de abandono do ben histórico, chegou a unha situación insostible entre os días 12 e 13 de agosto de 2020, cando a Confederación Hidrográfica Miño-Sil decidiu derrubar parte do acueduto coa inexplicable escusa de facer unha escada para peixes. Unha actuación absolutamente intolerable que contou coa oposición da veciñanza de Caldelas que ollaba con estupefacción como se perpetuaba de xeito impune esta agresión ao acueduto.

A día de hoxe, se ben a agresión foi importante, persiste parte da estrutura do acueduto e a veciñanza leva xa máis dun ano e medio reivindicando a súa recuperación sen que ate o de agora nin a Xunta de Galicia nin a Confederación Hidrográfica Miño-Sil desen solucións.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai o Goberno galego iniciar os trámites necesarios coa Dirección Xeral de Patrimonio para catalogar o acueduto do Pontillón e proceder a súa restauración?



2. Vai a Xunta de Galiza, unha vez catalogado o acueduto do Pontillón por Patrimonio, demandar da Confederación Hidrográfica Miño-Sil a restauración do ben agredido na actuación do 15 de agosto do 2020?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/02/2022 18:09:00

Noa Susana Díaz Varela na data 22/02/2022 18:09:08

Noelia Otero Lago na data 22/02/2022 18:09:17



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A Xunta de Galicia está a facer os deberes e segue traballando no ámbito das súas competencias e ademáis colabora co Corpo Nacional de Policía (CNP) e outras forzas de seguridade en diferentes dispositivos.

Con todo, a nosa comunidade sofre unha situación de necesidade de efectivos, material, medios técnicos e parque móbil que forma parte das reivindicacións recorrentes e non satisfeitas tanto da cidadanía como da propia administración autonómica.

Coa prolongación do Xacobeo neste ano 2022 amplíase esta demanda ante a necesidade de reforzar os efectivos policiais, sobre todo na zonas polas que discorre o Camiño de Santiago, para garantir a seguridade das persoas que peregrinan e xestionar o incremento de tránsito.

Por tanto, é necesario que a nosa policía teñan os medios para poder chegar a esas zonas e facer así que o servizo sexa máis satisfactorio. O obxectivo final é que turistas e veciñanza convivan seguros e que a experiencia do Xacobeo non se vexa ensombrecida.

No ámbito de competencia directa da Xunta, o Goberno galego está a facer un esforzo dirixido a dotar de máis recursos e medios técnicos á Unidade de Policía Adscrita (UPA) para ofrecer unha mellor resposta a estas necesidades.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



No ámbito concreto do Camiño de Santiago as patrullas da Policía Autonómica están despregadas polas diferentes rutas, que cruzan as catro provincias galegas, para desenvolver accións dentro das súas competencias, en particular, velar pola protección do medio ambiente e o seu patrimonio, ademais de garantir a atención e a seguridade dos peregrinos.

Por todo exposto os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ten dotado a Xunta de Galicia de medios técnicos e materiais á Unidade de Policía Adscrita?

Santiago de Compostela, 22 de Febreiro 2022.



Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 22/02/2022 19:02:52

José Manuel Rey Varela na data 22/02/2022 19:03:08

María Sol Díaz Mouteira na data 22/02/2022 19:03:29

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/02/2022 19:03:40

Ana Belén García Vidal na data 22/02/2022 19:04:00

José Alberto Pazos Couñago na data 22/02/2022 19:04:17

Noelia Pérez López na data 22/02/2022 19:04:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

A vixencia da pandemia provocada pola covid-19 obrigou ás distintas administracións a aprobar e levar a cabo distintas medidas de carácter preventivo para frear o avance do virus.

As Forzas e Corpos de Seguridade, e particularmente a Unidade de Policía Adscrita (UPA), vén velar polo cumprimento destas normas e detectar, denunciar e sancionar comportamentos e condutas irresponsables que poñen en perigo a saúde de todos.

En particular no ámbito do control de capacidade, aglomeracións, obrigatoriedade do uso da máscara e a distancia de seguridade, xunto co resto de medidas vixentes nos distintos ámbitos. Ao igual que profesionais e usuarios están a respectar a obrigatoriedade de amosar o certificado covid -tanto de vacinación como de recuperación da enfermidade ou proba negativa- nos distintos sectores para os que se se aprobou a súa exhibición.

O Goberno galego tamén desenvolveu unha labor de coordinación entre a Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica e policías locais para extremar a vixilancia

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno/Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Cal é o número e o tipo de intervencións da Unidade de Policía Adscrita nas actuacións relacionadas coa pandemia?

Santiago de Compostela, 22 de Febreiro 2022.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 22/02/2022 19:00:12

José Manuel Rey Varela na data 22/02/2022 19:00:26

María Sol Díaz Mouteira na data 22/02/2022 19:00:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/02/2022 19:00:52

Ana Belén García Vidal na data 22/02/2022 19:01:06

José Alberto Pazos Couñago na data 22/02/2022 19:01:17

Noelia Pérez López na data 22/02/2022 19:01:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, María Felisa Rodríguez Carrera, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

É unha realidade que a falta de efectivos policiais na nosa Comunidade faise notar nas cidades e pobos galegos. Esta situación ten o seu reflexo no aumento de casos de violencia e delincuencia asociados a zonas nas que a escaseza da autoridade é evidente.

Desde a Xunta de Galicia e tamén en sucesivos pronunciamentos desta Cámara vense insistindo na necesidade de que o Goberno de España, como administración competente no ámbito da seguridade cidadá, convoque un maior número de prazas para corrixir este déficit de efectivos, en particular de Policía Nacional e Garda Civil.

Entre as novas de máis recente actualidade proliferan os sucesos de inseguridade cidadá nas rúas, sobre todo en horario nocturno, así como un aumento das situacións de ocupación de vivendas, de xeito especial en determinados barrios dalgunhas cidades galegas como Coruña ou Lugo, onde resulta máis evidente este déficit policial.

Pola contra, a Xunta de Galicia si está a facer os deberes e segue traballando no ámbito das súas competencias, colaborando co Cuerpo Nacional de Policía (CNP) e outros corpos de seguridade en diferentes dispositivos. Con todo, desde a administración autonómica insístese na demanda ao Goberno central para que reforce as plantillas policiais, e incrementa especialmente o cadro de persoal da Unidade de Policía Autonómica (UPA), xa que, a día de hoxe atópase en 373 dos 500 efectivos posibles, o máis baixo da historia da nosa Comunidade Autónoma.

Actualmente o nivel de cobertura da UPA en Galicia está en torno ao 74%, moi por debaixo da cobertura das plantillas de CNP en Galicia situadas en torno ao 84%, esto é, dez puntos menos.

Cómpre lembrar que en 2022, co gallo do segundo ano deste Xacobeo no que se agarda un elevado número de turistas e peregrinos e a reactivación do turismo internacional resulta máis imprescindible que nunca este reforzo da seguridade. Sen esquecer o aumento de competencias das forzas policiais derivado dos dispositivos relacionados coa covid.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas arriba asinantes formulan a seguinte pregunta

-Qué información ten a Xunta de Galicia do Ministerio de Interior sobre a tramitación da cobertura de prazas para a Unidade de Policía Adscrita anunciada aos sindicatos policiais pola Dirección Adjunta Operativa (DAO) en febreiro de 2021?

-Ten a Xunta de Galicia algunha información do Goberno de España para aumentar o número de efectivos policiais con destino a Galicia?

Santiago de Compostela, 22 de Febreiro 2022.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 22/02/2022 18:57:32

José Manuel Rey Varela na data 22/02/2022 18:57:48

María Sol Díaz Mouteira na data 22/02/2022 18:58:03

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/02/2022 18:58:25

José Alberto Pazos Couñago na data 22/02/2022 18:58:36

Ana Belén García Vidal na data 22/02/2022 18:58:50

Noelia Pérez López na data 22/02/2022 18:59:04



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Dende hai aproximadamente un ano que comezaron a funcionar, son ben coñecidos os problemas que están a dar por toda a nosa xeografía os incumprimentos das empresas concesionarias do transporte metropolitano e escolar, o que supón un grave problema para o normal desenvolvemento das xornadas vitais da cidadanía galega.

No Concello de Negreira constante e periodicamente recíbense queixas dos usuarios e usuarias directamente relacionadas co adianto ou atraso de horarios ou coa supresión de frecuencias por vontade da empresa, sen motivo aparente.

Recentemente, a concesionaria informou un venres de que o luns seguinte poría en marcha novos horarios de autobuses sen que estes fosen consensuados nin dialogados co concello. Do mesmo xeito, hai poucas semanas o Concello era informado de que en período non lectivo as persoas usuarias da ruta Serra de Outes-Campolongo-Negreira terán que chamar a un número de teléfono para solicitar facer uso dese transporte nunha inaudita ocorrencia que non parece ter vocación de servizo senón mais ben de optimización empresarial de beneficios.

Todo isto provoca unha inseguridade constante da veciñanza que precisa desprazarse por motivos laborais, de saúde ou de calquera índole, e mesmo das nenas e nenos e familias afectadas polos atrasos continuos das liñas escolares ou daquelas liñas que chegan moito tempo antes aos centros escolares do seu horario de apertura.

Por outra banda, a nova concesión, que supostamente debería supor unha mellora integral do servizo, mantén as mesmas condicións deficitarias dos vehículos, algúns deles en total estado de abandono: timbres que non funcionan, sistemas de climatización inexistentes, butacas rotas, falta de hixiene...

Todas estas queixas foron trasladadas polo Concello de Negreira tanto á empresa concesionaria como á xefatura territorial de Mobilidade da Xunta de Galicia coa demanda de que se adoptaran as medidas necesarias para o correcto



funcionamento deste servizo, sen que ata o de agora pouco se fixese para solucionar esas deficiencias.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego o servizo prestado pola empresa concesionaria do transporte interurbano por estrada ás persoas usuarias do concello de Negreira?

2ª) É consciente a Xunta de Galicia de que a concesionaria do servizo de transportes está a facer cambios nos horarios e na frecuencia das rutas sen tratar previamente co concello e sen informar coa debida antelación ás persoas usuarias?

3ª) Comprobou a Xunta de Galicia que o estado dos vehículos cumpren as mínimas esixencias de seguridade e hixiene?

4ª) Como valora o Goberno galego que as persoas usuarias da ruta Serra de Outes-Campolongo-Negreira teñan que chamar para solicitar facer uso dese transporte en períodos non lectivos?

Pazo do Parlamento 22 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/02/2022 17:19:38

Patricia Otero Rodríguez na data 22/02/2022 17:19:53

Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/02/2022 17:20:06



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero, Noelia Otero Lago e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A consecución da igualdade real entre homes e mulleres no ámbito rural obriga a desenvolver políticas transversais con perspectiva de xénero e así acertar na planificación do futuro dun espazo onde as explotacións familiares, o coidado de menores e maiores e a suplencia de servizos públicos inexistentes recae sobre as mulleres. Ao tempo, elas permanecen ausentes da acción política, da axenda social e económica nas vilas e aldeas, pechadas no ámbito doméstico-privado, onde, ademais, consolidan o rol reprodutivo e de coidadora.

Para rachar con esta desigualdade debemos fornecer a estas mulleres de ferramentas que garantan os seus dereitos e promover en condicións de igualdade a súa incorporación á vida laboral, garantir o seu acceso á formación e a súa participación no desenvolvemento sostible do seu entorno.

Unha ferramenta imprescindible para conseguir a plena igualdade entre as mulleres e homes rurais é o Estatuto da Muller Rural de Galicia, que o PSdeG presentou como proposta ao Debate do Estado da Autonomía de 2021 e que foi aprobada pola unanimidade de todos os grupos.

A proposta é unha vella reivindicación das asociacións de mulleres do rural galego, nomeadamente Fademur, dada a necesidade urxente de que Galicia, como xa acontece noutras comunidades autónomas do Estado, dispoña dunha ferramenta que garanta á muller rural unha serie de dereitos e de garantías profesionais que ata o de agora non teñen.

Mais dende o Grupo Socialista pensamos que sería máis atinado incorporar na denominación dese estatuto tamén as mulleres do mar, que se ben xa estaban incorporadas en vontade, é importante visibilizalas para apoiar as súas achegas no sector da pesca e reforzar o seu papel imprescindible na actividade pesqueira, marisqueira e acuícola de Galicia.

Este estatuto deberá recoller, xa que logo, todas as medidas precisas para conseguir a igualdade real, incorporando a perspectiva de xénero en todos os ámbitos do rural e do mar, recoñecer os dereitos das mulleres traballadoras e



eliminar así as discriminacións que sofren. Por todo isto é urxente que comencen os traballos para a súa elaboración.

Ademais, facendo nosas as demandas do tecido asociativo de mulleres, co obxectivo de atinar de maneira efectiva nas políticas que se desenvolvan en materia de igualdade é obrigado que todos os estudos que se realicen sobre muller, sexa a temática que sexa, incorporen o grao de urbanización, entendido como o conxunto de indicadores que permite discernir as diferenzas e similitudes entre as distintas zonas de Galicia e caracterizar o que habitualmente se denomina urbano ou rural.

Dado que non hai tempo que perder e que o mandato do Parlamento foi instar o Goberno galego a impulsar a elaboración do estatuto en 2022, entendemos que é prioritario comezar xa coas xuntanzas coas asociacións de mulleres do rural que deberán ser aproveitadas á súa vez para a elaboración do Plan estratéxico para a Muller Rural e do Mar de Galicia, tamén acordado de maneira unánime.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando pensa o Goberno galego comezar a reunirse coas asociacións de mulleres do rural e do mar para elaborar o Estatuto da Muller Rural de Galicia?

2ª) Considera conveniente mudar o nome a Estatuto da Muller Rural e do Mar de Galicia para así dar visibilidade a todas as mulleres do sector primario?

3ª) Comezou o Goberno galego algún trámite ou estudo para elaborar o citado Estatuto e o Plan estratéxico tal e como foi encomendado por unanimidade polo Parlamento de Galicia?

4ª) Entende necesario a Xunta de Galicia comezar a aplicar o grao de urbanización en todos os estudos que se realicen sobre muller?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/02/2022 18:44:43

Marina Ortega Otero na data 22/02/2022 18:45:00





Noelia Otero Lago na data 22/02/2022 18:45:13

Julio Torrado Quintela na data 22/02/2022 18:45:30



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para o seu debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Leiro é un concello da comarca do Ribeiro con máis de 1500 habitantes que abarca nove parroquias. Dispón dun centro sanitario que da atención aos veciños e veciñas dentro do servizo de sanidade público galego.

O feito é que a actividade do centro de saúde de Leiro é importante, tendo en conta que trátase dunha poboación envellecida.

Debido ás restricións motivadas pola pandemia, os doentes teñen agardar en numerosas ocasións fóra das instalacións ata ser atendidos. Os veciños e veciñas solicitan que se cubra dito espazo para se protexer do frío, choiva e nas épocas estivais das altas temperaturas que acostuma a ter dito concello. Polo que dende o Grupo Socialista solicitamos a Xunta de Galicia que aporte unha solución coa maior brevidade ao concello de Leiro, para que acondicione o espazo para zonas de espera externas e así protexa aos doentes das condicións meteorolóxicas, especialmente ás persoas maiores, que ocupan o groso de doentes do centro de saúde.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte pregunta:

Ten a Consellería de Sanidade algunha estratexia ou solución en marcha para protexer aos doentes do Centro de Saúde de Leiro mentres agardan a súa consulta en zonas externas?

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2022

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 23/02/2022 10:28:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2022 11:58:57
Nº Rexistro: 31194
Data envío: 23/02/2022 11:58:57.817

Julio Torrado Quintela na data 23/02/2022 10:29:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-ZIS5OzMcV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

As persoas propietarias de locais de ocio nocturno que optasen por pechar os seus establecementos en fin de ano poderán optar a unha axuda de entre 2.500 e 45.000 euros en función da dimensión do local. Estas axudas pódense solicitar a partir do martes 15 de febreiro, día que saíu publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) a convocatoria do Programa de apoio ao peche do lecer nocturno, financiado con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e dotado con 3,5 millóns de euros.

Segundo informa o DOG, terán dereito a acceder a esta axuda directa este ano as persoas empresarias que previamente comunicasen á Xunta de Galicia a súa decisión de suspender a súa actividade entre as 00.00 horas do 31 de decembro de 2021 e as 03.00 horas do día 3 de xaneiro de 2021.

As cantidades dependerán da superficie dos establecementos. Así, para locais de ocio nocturno de menos de 100 metros cadrados prevese unha axuda de 2.500 euros; 5.500 euros para os de entre 100 e 250 metros; 9.000 euros para os de entre 250 e 500 metros; 14.000 euros para os de superficie entre 500 e 700 metros; 27.000 euros para os de entre 700 e 2.000 metros cadrados e un total de 45.000 euros para os grandes establecementos de máis de 2.000 metros cadrados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a Xunta de Galicia que son suficientes estas axudas do Programa de apoio ao peche do lecer nocturno, publicadas no DOG do 15 de febreiro do 2022, para facer fronte ás perdas ocasionadas polo peche do ocio nocturno en fin de ano?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia implementar algunha medida complementaria ás axudas económicas referidas que permita contribuír á recuperación do sector? En caso afirmativo, cales?



3. Ten feito o Goberno autonómico unha estimación de cales foron as perdas económicas do ocio nocturno nese día?
4. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de cales foron as perdas no ano 2021 no sector do ocio nocturno?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 23/02/2022 12:04:23

Martín Seco García na data 23/02/2022 12:04:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o colapso dunha comporta da presa de Valencia do Sil e as medidas a adoptar por parte do Goberno Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na tarde/noite do martes 22 de febreiro, rondando as 20:30 horas, produciuse o colapso da comporta central da presa que a empresa Iberdrola xestiona na bacía do Sil á altura da localidade de Valencia do Sil (Vilamartín de Valdeorras).

Trátase dunha presa de pouca capacidade (12 hm³), de control de caudal, que ademais non estaba chea debido, entre outras cousas, á seca que estamos a afrontar neste inverno. Estas circunstancias permiten á empresa non dispor dun plan de emerxencias para esa instalación o que semella, de entrada, como mínimo sorprendente.

Este conxunto de circunstancias permitiu que non teñamos que lamentar grandes perdas xa que o propio río Sil absorbeu o caudal de auga liberado ao tempo que pola hora na que tivo lugar o suceso e a época do ano na que nos atopamos fixo que non houberse persoas na contorna do lugar que puidesen verse afectadas directamente polo estourido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Trátase, en todo caso, dun feito de extrema gravidade por varios motivos entre eles as dúbidas que desperta ao respecto do mantemento que a empresa fai das súas instalacións e pola preocupación do que podería acontecer se un feito similar se dese noutras presas de maior capacidade e polo tanto perigosidade.

Por outra banda hai unha serie de consecuencias do baleirado da coñecida como presa de Santiago que afectan directamente ás condicións ambientais da bacía así como aos hábitats que nela se conforman e ás especies animais que viven e aniñan nas súas augas.

É por este motivo polo que é importante que a Xunta de Galiza, máis aló do traballo de investigación (e sanción no caso de ser necesario) se realice desde o Goberno central e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil sobre os feitos acontecidos, faga as súas propias pesquisas e tome as súas propias medidas no referido á afectación medio ambiental que puido ter o suceso.

Preocúpanos neste sentido o posíbel desastre ecolóxico que puido conlevar o colapso da presa nun momento no que o encoro acollía, entre outras aves, ás garzas que levan xa dúas semanas aniñando, así como ao conxunto de aves que teñen a súa defensa na auga e que ficaron en terra así como as lontras, os cormoráns...

É por este motivo que a Xunta non pode eludir a súa labor de control e análise sobre o acontecido e polo que ten a obriga de realizaren unha investigación independente que analice, entre outras cuestións se existe algún tipo de responsabilidade medioambiental previo por unha mala xestión das labores de mantemento desa e das outras instalacións que a empresa posúe na bacía Miño-Sil; se existiron danos directos pola rotura na flora e na fauna da zona e cales foron as consecuencias dos mesmos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido aludimos á responsabilidade ambiental na zona que tería de ser obrigado a unha empresa que vén de anunciar hoxe mesmo (23 de febreiro) un récord histórico de ganancias en 2021 de 3.885 millóns de € de beneficio neto (un 8% máis que o ano pasado). Ao tempo que presentan eses datos a empresa acaba de pechar de xeito definitivo o COC que estaba situado nas oficinas da empresa na Rúa rachando así cunha boa parte do xa de por si escaso retorno en postos de traballo de cualificados e valor engadido que a empresa daba á comarca a cambio de facerse cos seus recursos naturais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Van a iniciar algún tipo de investigación pública sobre o impacto do colapso da comporta central da presa de Santiago (Valencia do Sil) na fauna e nos hábitats do río Sil ao seu paso pola zona?

. En función dos resultados desa investigación, van impor algún réxime de sancións á empresa por danos medioambientais?

. Consideran que habería un mellor control das condicións das presas en Galiza se o control da bacía Miño-Sil fose competencia da Xunta de Galiza e non do Goberno Central?

. Van reclamar as competencias exclusivas para a Xunta de Galiza sobre a bacía Miño-Sil?

. Teñen feito algún tipo de valoración do impacto que tería para persoas, bens e medio ambiente no caso de que un feito similar acontecese nunha presa de maior envergadura?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 23/02/2022 13:50:23

Noa Presas Bergantiños na data 23/02/2022 13:50:29

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/02/2022 13:50:39

Xosé Luis Bará Torres na data 23/02/2022 13:50:49



Á Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, José Luis Ferro Iglesias, Carlos Gómez Salgado, Ovidio Rodeiro Tato, Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Monterroso conta cun importante legado cultural indisolublemente vinculado á celebración dunha feira con máis de 800 anos de historia.

Un mercado que, ao longo dos séculos, serviu como un punto neuráxico do comercio en Galicia e que, aínda é na actualidade, continúa ser un importante centro comercial para toda a comarca.

Froito desta tradición centenaria, Monterroso foi acollendo toda unha serie de pezas de distinta natureza vinculadas, directa ou indirectamente, a esta celebración.

Mediante iniciativas privadas, estes bens foron recompilados e valorizados nas últimas décadas, dando lugar a unha colección que, sen dúbida, relata a historia da feira na nosa Comunidade.

Coa finalidade de por en valor este patrimonio cultural inmaterial, o conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia mativo una serie de reunións cos distintos integrantes do goberno municipal de Monterroso, así como co director do Instituto de Estudos Ulloáns, que deron lugar, en abril de 2021, a aprobación dun acordo de colaboración entre o Goberno autonómico e o Concello de Monterroso para impulsar a creación dun novo centro de interpretación que permita coñecer e divulgar como era a actividade comercial na Galicia do Antigo Réxime.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales foron os avances realizados pola Xunta de Galicia para implementar o citado acordo para a creación dun novo centro museístico da feira no concello de Monterroso?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2022

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 23/02/2022 16:16:34

Teresa Egerique Mosquera na data 23/02/2022 16:17:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 23/02/2022 16:17:13

José Luis Ferro Iglesias na data 23/02/2022 16:17:28

Gómez Salgado, Carlos na data 23/02/2022 16:17:42

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/02/2022 16:17:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/02/2022 16:18:08

Rodríguez Pérez, Moisés na data 23/02/2022 16:18:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Galicia é a primeira rexión produtora de leite en España, con entregas de 2,98 millóns de toneladas no 2021, o que supón o 40% da leite producida no territorio nacional. Estas cifras colocan a Galicia como a novena rexión produtora de leite en Europa e a única comunidade española presente no listado das 20 rexións con maior produción de leite, que acumulan, no seu conxunto, máis do 35% da produción da Unión Europea.

O sector lácteo está a padecer unha situación de venda a perdas motivada polo incremento de custos de produción, unha situación que xa se está estendendo tamén ao sector cárnico e que en definitiva, acabará afectando á totalidade do sector primario.

Dende o Grupo Parlamentario Popular reclamamos mais medidas xa que as políticas do Goberno central non son suficientes para afrontar esta crise, é mais, omiten conscientemente as peticións do sector realizadas co obxectivo de paliar as consecuencias derivadas da situación xeneralizada pola evolución dos custos das materias primas e a suba dos insumos.

Así mesmo, a Xunta de Galicia ven de asinar un acordo coas organizacións profesionais agrarias e as cooperativas coas demandas de Galicia para garantir a viabilidade e sustentabilidade deste eido estratéxico do noso rural. Este acordo foi asinado nun acto no que se presentou un informe sobre o aumento de custos de produción no sector vacún de leite en Galicia.

Este documento que vai dirixido ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, e que foi consensuado, propóñense unha serie de medidas para atallar a actual situación. A primeira delas é insistir ao MAPA co fin de que promova un gran acordo entre a distribución, a industria e os gandeiros a nivel nacional para incrementar o prezo actual dos contratos de venda de leite cunha prima de emerxencia que garanta a viabilidade do sector.

Outra das accións que se solicitan dende Galicia ao Ministerio pasan porque habilite de inmediato mecanismos de control para frear a venda a perdas e que contribúa co financiamento necesario para que as comunidades poidan desempeñar as súas novas competencias nesta materia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



E ademais, tamén se solicita que se recoñeza na normativa estatal plataformas informáticas de organismos públicos como medio de proba do custo efectivo de produción. Lembramos que esta petición xa foi rexistrada como emenda á reforma da Lei de Calidade Alimentaria por parte do grupo popular nacional e que na tramitación da mesma foi rexeitada.

A implantación dunha ferramenta semellante á Conta Láctea, que puxo a Xunta de Galicia en funcionamento, permitiría emitir informes e fixar índices de referencia sobre os custos de produción media por extractos de explotación e reforzaría, consecuentemente, a posición negociadora dos gandeiros.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as conclusións dese informe presentado sobre o aumento de custos de produción no sector vacún de leite en Galicia?
2. Quen participou na firma dese acordo asinado o 18 de febreiro do 2022?
3. Cales son as medidas que se reclaman ao MAPA por parte do sector para afrontar esta situación?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2022



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 23/02/2022 16:19:13

Daniel Vega Pérez na data 23/02/2022 16:19:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/02/2022 16:19:56

Raquel Arias Rodríguez na data 23/02/2022 16:20:11

José Antonio Armada Pérez na data 23/02/2022 16:20:31

Cachafeiro Anta, Belén na data 23/02/2022 16:20:48

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 23/02/2022 16:20:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A deficiente xestión da atención primaria durante esta década de goberno do Partido Popular produce que a calidade da nosa sanidade pública estea danada, e provoca unha situación de colapso e de deficiencias no servizo. Situación que tras a pandemia converteuse en agónica.

Isto afecta a moitas poboacións do noso rural, pero tamén a zonas urbanas como é o caso do Barrio de Monteporreiro.

Este barrio, situado no concello de Pontevedra, onde residen aproximadamente 8.000 persoas, é un dos máis poboados da cidade.

Conta cun centro de saúde, no que prestaban asistencia sanitaria: 3 médicos/as, 2 enfermeiras; 1 pediatra e 1 enfermeira de pediatría, que atendían a unha media de 800 nenos e nenas.

Pero na actualidade o cadro de persoal veuse minguada porque dende o Servizo Galego de Saúde non substituíron os traslados e xubilacións, quedando só 2 médicos/as e 2 enfermeiros/as.

Os veciños e veciñas, reclamaron en varias ocasión que se cubriran estas baixas, tanto a nivel público, mediante concentracións como mediante escritos á Consellería de Sanidade, sen obter resposta algunha, por parte da Xunta de Galicia, no que é un claro desmantelamento deste centro de saúde que está a deixar á poboación sen atención sanitaria, xa que na actualidade, por unha banda, os 2 médicos teñen os cupos cheos, o que obriga a ter que desprazarse a un centro de saúde da cidade; e por outra os 800 nenos e nenas teñen que acudir ao pediatra do centro da parroquia de saúde de Lérez, cos inconvenientes que isto supón.

Derivado disto durante os picos da pandemia este centro viviu situacións de colapso sen precedentes, ao estar prestando servizo un único médico, sendo isto insostible para calquera profesional e inviable se o obxectivo e prestar un servizo de calidade.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista insistimos na necesidade de cubrir estas baixas e dotar aos centros de atención primaria dos persoal suficiente para cubrir as necesidades da poboación á que están adscritos.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten a Xunta de Galicia previsto restablecer a atención pediátrica no Centro de Saúde de Monteporreiro en Pontevedra, como se viña facendo ata xuño de 2020?
2. Ten a Xunta de Galicia previsto repoñer as vacantes dun médico/a e dunha enfermeira/o, ata cubrir o posto de 3 profesionais en cada unha das categorías?
3. Como xustifica o goberno da Xunta de Galicia que neste centro de saúde, durante os peores picos da pandemia, só estivera 1 médico durante xornadas enteiras?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/02/2022 16:46:09

Julio Torrado Quintela na data 23/02/2022 16:46:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2022 17:31:05
Nº Rexistro: 31215
Data envío: 23/02/2022 17:31:05.070

Marina Ortega Otero na data 23/02/2022 16:46:29

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-ZIS5OzMcV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

O 1 de marzo de 2021 aprobouse na Comisión 8.^a por unanimidade e tras unha transacción, unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista cuxa parte dispositiva establecía:

“ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

Que Portos de Galicia leve a cabo o acondicionamento e mellora urbana en superficie do viario portuario de Raxó que garanta a seguridade viaria dos peóns e os vehículos que transcorren por esta calzada, após definición consensuada das actuacións co Concello de Poio e con Portos de Galicia, co desenvolvemento da redacción do proxecto acordado e o inicio dos trámites para a súa execución no ano 2021.”

Transcorrido case un ano dende esa data a presidenta de Portos de Galicia e o delegado territorial da Xunta en Pontevedra reuníronse con persoas representantes do Concello de Poio, as confrarías e as entidades locais para mostrarlles o proxecto de adecuación da superficie de acceso ao porto de Raxó que dista moito do proxecto inicial aprobado no ano 2009.

O goberno do Partido Popular tiña un compromiso adquirido cun convenio que contaba co visto bo de todas as persoas axentes implicadas, pero chega a hora de presentar o mesmo e pretende limitalo na súa forma e no seu fondo.

Formula agora un proxecto que corta o tramo inicialmente proposto que ía dende o peirao ata o enlace coa PO-308, e deixa un anaco de paseo sen ningún tipo de actuación.



E por outra respecto ao financiamento, no 2009 Portos de Galicia se comprometeran a asumir o 100 % destes orzamentos e, sen embargo, agora insta ao Concello a costear o 30 % do financiamento.

Dende o Grupo Socialista entendemos que non é de recibo que Portos de Galicia esixa unha porcentaxe do 30 % ao Concello para acometer unha actuación que ten lugar nun espazo da súa titularidade e esiximos que cumpra o conveniado xa que está en xogo o futuro dun espazo cunha importancia capital para a parroquia de Raxó, ao ser unha zona de relevancia a nivel marítimo, de mobilidade e turístico".

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Porque o goberno da Xunta de Galicia non cumpre co proxecto conveniado no ano 2009 en relación ao proxecto de adecuación da superficie de acceso ao peirao de Raxó?
2. Como xustifican que un tramo de 300 metros quede sen ningún tipo de actuación?
3. Entenden que neste tramo que substraen do proxecto cúmprense as condicións mínimas de seguridade para os peóns?
4. Vai o goberno da Xunta de Galicia a asumir o 100 % do orzamento deste proxecto ao tratarse dun espazo da súa titularidade?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro do 2022





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/02/2022 17:27:23

Patricia Otero Rodríguez na data 23/02/2022 17:27:30

Julio Torrado Quintela na data 23/02/2022 17:27:39



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Mosteiro de Bergondo é un dos principais bens patrimoniais e turísticos deste concello. Está documentada a súa existencia dende o ano 1138, pasando por varios procesos de restauración, reforma e ampliación. Conta ademais con singularidades como contar con tres portadas, en lugar das dúas habituais.

Este antigo convento beneditino debido as súas singularidades en 1973 é declarado monumento histórico artístico nacional polo Estado.

Polas súas inmediacións transcorre ademais o “Camiño Mariñán” de peregrinaxe a Santiago de Compostela (aínda non oficializado), que parte do porto de Fontán, en Sada, e transcorre polo municipio de Bergondo e polo veciño concello de Betanzos.

Sen embargo, a súa beleza vese afeada polo paso fronte a el dunha liña eléctrica de alta tensión que a súa vez atravesaba varias parcelas da veciñanza do lugar, restándolle a zona parte da súa singularidade e valor a mencionada zona polo que se deben tomar medidas que revertan esta situación e o poñan en valor como se merece.

Dadas as características dun ben como o Mosteiro de Bergondo desde o BNG solicitamos no Pleno municipal que se negociara coa empresa propietaria desta liña





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

realizar un soterramento parcial na parte máis próxima a este ben patrimonial para mitigar o seu impacto. A moción do grupo do BNG foi aprobada por unanimidade polo Pleno municipal.

A empresa propietaria da liña respondeu á solicitude do concello solicitando que a administración se faga cargo do custo do estudo do soterramento da liña – 5000 euros - que terían que pagarlle á empresa propietaria con cartos públicos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Ten a Consellería coñecemento desta situación?
- Contactou co concello de Bergondo para buscar unha solución? E coa empresa eléctrica responsábel da liña eléctrica de alta tensión?
- Vai a Xunta de Galiza asumir a elaboración do estudo para o soterramento desta liña de alta tensión?
- Que accións propón o goberno galego para evitar a actual degradación da contorna do Mosteiro de Bergondo polo impacto desta liña de alta tensión, así como a protección do propio ben patrimonial, atendendo ademais á súa proximidade ao Camiño mariñán?
- En que fase está a delimitación deste Camiño mariñán despois de ser anunciado o seu estudo pola Xunta o pasado mes de decembro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/02/2022 13:32:21

Daniel Castro García na data 24/02/2022 13:32:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/02/2022 13:32:38



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Carmen Rodríguez Dacosta e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Foi un Goberno socialista presidido polo presidente Touriño, en febreiro do ano 2009, quen tomou a determinación de adxudicar a construción dunha autovía libre de peaxe de 18,7 quilómetros, entre Ourense e Celanova, unha infraestrutura fundamental que tiña como obxectivo garantir unha conectividade rápida e segura da poboación das terras de Celanova coa autovía A-52 e coa capital provincial.

Unha capital que, conxuntamente coa súa comarca, concentra unha porcentaxe elevada da actividade industrial e de emprego do conxunto da provincia, e onde radican os centros prestadores de servizos administrativos e especialmente onde se sitúan os centros médicos e hospitalarios de referencia para miles de cidadáns e cidadás.

A partir desta infraestrutura, xa executada, a formulación do goberno do presidente Touriño era desenvolver unha nova infraestrutura que permitise conectar a AG-31, dende Celanova, ate o paso da Magdalena na fronteira con Portugal, conectando as poboacións da Comarca da Baixa Limia e vertebrando o territorio, cun investimento aproximado de 20 millóns de euros.

Dende a representación do Partido Socialista nas distintas institucións levamos dende o ano 2013 formulado iniciativas para instar o goberno da Xunta de Galicia a desenvolver unha vía de alta capacidade (ou vía rápida) a través da actual OU-540, con execución do proxecto inicial, incluíndo a execución das variantes de Vereá e Bande.

No ano 2020, a Xunta de Galicia anunciaba a licitación do contrato para a redacción do proxecto de mellora da estrada convencional OU-540 nun tramo dunha lonxitude aproximada de 34 quilómetros ata a Ponte de Lindoso, por importe de 199.488 euros. Nese ano (2020) a Consellería de Mobilidade e Infraestruturas impulsaba os traballos técnicos previos ás obras, cun prazo de



execución de 18 meses – excluindo expresamente a posibilidade de redución – o que suporía que as obras se iniciarían no presente ano 2022.

A reforma, anunciada pola Conselleira de Mobilidade e Infraestruturas, suporía un investimento de nove millóns de euros (algo menos da metade previsto inicialmente para a reforma da OU-540) incluíría un novo terceiro carril de adiantamento de algo menos de oito quilómetros que se sumaría os tramos xa existentes e a mellora do trazado nun tramo de catro quilómetros eliminando curvas.

Este proxecto exclúe expresamente da licitación as variantes dos núcleos de Vereá e Bande , tramos clave para que esta infraestrutura de comunicación acade unha eficiencia completa por cuanto non soamente se mellorarían os tempos de viaxe senón que se eliminaría tráfico pesado polo centro dos núcleos indicados.

Este recorte supón un novo agravio nos investimentos precisos para vertebrar a provincia de Ourense, especialmente na Comarca da Baixa Límia, limitando de xeito importante a conectividade co norte de Portugal. Unha comarca necesitada de urxentes investimentos públicos que permitan evitar a sangría da despoboación. Segundo proxeccións do Instituto Galego de Estatística a Baixa Limia perderá nos próximos quince anos un terzo da súa poboación.

En 2013 o daquela conselleiro de Infraestruturas da Xunta de Galicia afirmaba “*o compromiso da Xunta de Galicia non rematou coa execución da Autovía AG-31 . Se continuará coa tramitación da mellora da estrada OU-540 no treito ata Portugal*”.

No ano 2021, anunciaba o inicio da fase de información pública e o inicio do trámite de avaliación ambiental, despois de que a propia Xunta de Galicia deixase caducar a xa aprobada e publicada no ano 2005 pola Dirección Xeral de Obras Públicas. Así mesmo se anunciaba un investimento de 11,5 millóns de euros para esta infraestrutura.

O certo é que a día de hoxe a Xunta de Galicia sigue instalada na propaganda con anuncios de investimentos que logo non se concretan na execución orzamentaria , mesmamente incumprindo os acordos unánimes adoptados no Pleno da Deputación de Ourense no ano 2017 e no ano 2020.

Namentres colectivos cidadáns, empresariais, comerciantes de ambos lados da fronteira reivindicando a urxencia na execución dunha infraestrutura fundamental



para vertebrar o territorio e conectar Ourense co norte de Portugal, conexión que coa chegada do AVE tería grande impacto económica o permitir xerar estruturas de economía en escala vitais para o desenvolvemento da provincia de Ourense.

No orzamento da Axencia Galega de Infraestrutura para o ano 2022 se consignan de 1,5 para mellora da rede viaria OU- 533- OU-540.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo en conta que xa no ano 2013 a Xunta de Galicia comprometía a execución da conexión do eixo de comunicación A-52 – Fronteira de Portugal, cales son as razóns de que 9 anos despois aínda non se iniciarán as obras?
2. Cales son as razóns que motivan que a Xunta de Galicia deixase caducar o trámite de impacto ambiental do eixo de Comunicación A-52 – Fronteira portuguesa, publicado pola Dirección Xeral de Obras públicas no ano 2005?
3. Cales son as razóns que motivan que a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular incumpra os acordos plenarios adoptados de xeito unánime pola Deputación de Ourense, tamén gobernada polo Partido Popular, no ano 2017 e no ano 2020?
4. Inclúe a Xunta de Galicia esta infraestrutura no mapa de infraestruturas estratéxicas de Galicia?
5. No seu caso e a vista do orzamento consignado pola AGI, considera a Xunta de Galicia facer algunha modificación orzamentaria no ano 2022 para impulsar a execución deste eixo de comunicación dende Celanova a fronteira portuguesa
6. Pode comprometer a Xunta de Galicia un calendario de prazos e un calendario orzamentario para a execución desta infraestrutura? Sendo así, cal sería?

Pazo do Parlamento, 24 de febreiro do 2022

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Carmen Rodríguez Dacosta
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 24/02/2022 16:01:56

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 24/02/2022 16:02:06

Patricia Otero Rodríguez na data 24/02/2022 16:02:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás características da parcela e características do novo centro de saúde no concello de Meis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por parte da Xunta anunciouse que o Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria contempla a construción dun novo centro de saúde no Concello de Meis.

Desde hai meses sucédense noticias na prensa nas que o Concello de Meis afirma ter feito diferentes propostas de terreos para albergar o futuro centro de saúde, e que todos estes terreos foron rexeitados por parte da Xunta.

Estamos asistindo á emisión de informacións cruzadas sen que quede claro, nin por parte do Concello nin por parte da Xunta, nin de cales son os requisitos concretos que deben cumprir os terreos, nin cales son as razóns para rexeitar os que teoricamente se ofertan.

Chegouse ao punto de que no último Pleno celebrado no Concello de Meis, o Partido Popular propuxo un terreo, que segundo afirmaron conta coa aprobación da Xunta, sendo desmentida tal afirmación por parte do Goberno municipal, que manifestou que xa foi proposto e rexeitado pola Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante tal escenario de confusión, e a preocupación crecente entre a veciñanza de Meis, e en aras da máxima transparencia cómpre aclarar cales son as previsión da Xunta e cales son os requisitos concretos que debe cumprir a parcela na que se vaia construír o futuro centro médico no Concello de Meis.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cales son as condicións que debe cumprir a parcela que lle ten solicitado ao concello de Meis para a construción dun novo centro de saúde?

Cantas propostas de parcela se lle fixeron chegar por parte do concello de Meis?

En que datas se teñen recibido as propostas de parcela?

Cales son as razóns polas que foron rexeitadas?

Cal é o proxecto e características do centro de saúde que se pretende construír no Concello de Meis?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/02/2022 17:42:34

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2022 17:42:37

María Montserrat Prado Cores na data 24/02/2022 17:42:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta para garantir o dereito efectivo da Lei de Eutanasia en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación Dereito a Morrer Dignamente de Galiza (DMDG), fíxolle chegar ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego o escrito que se transcribe a continuación:

“ Hai tres semanas, un home de noventa anos residente na cidade de A Coruña coa súa vida restrinxida ao domicilio, afectado por diferentes enfermidades causantes de elevado sufrimento e de dependencia para realizar as actividades básicas, solicitou a prestación de axuda médica para morrer conforme ao previsto na Lei Orgánica de Regulación da Eutanasia ante o coordinador do seu Centro de Saúde e posteriormente ante a súa médica de familia, que a asinou xunto coa súa dona. Catro días mais tarde, ante a falla de resposta á súa solicitude, presentou reclamación coa axuda da súa dona ante o Xerente da Area Sanitaria da Coruña. Despois de diversos contactos telefónicos dende a Xerencia, entre os que se incluíu algún comentario improcedente nestas circunstancias, e de diversas promesas de próxima visita ao paciente pola médica que ía ser designada como responsable do proceso, por fin o pasado día quince a médica responsable (profesional descoñecida para o paciente) acudiu ao domicilio, recolleu a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

confirmación da vontade do paciente, preguntou polo procedemento que elixía, e comprometeu visita en quince días. Non se proporcionou informe escrito sobre o seu proceso médico, prognóstico, alternativas terapéuticas, coidados paliativos e prestacións a dependencia, quedando así sen contido o proceso deliberativo previsto na norma. Mentres tanto fóronse producindo diversas intervencións confusas, con visitas a domicilio de profesionais que non se identificaron, con comentarios inadecuados diante do paciente, e mesmo se chegou a plantexar a suspensión da atención domiciliaria médica e de enfermería. A persoa da que estamos a falar ten rexistrado o seu testamento vital, e tamén ten recentemente recoñecida por especialistas do propio do SERGAS a súa plena capacidade de decisión. Falla de dirección, improvisión, descoordinación, confusión, intervencións impropias, inadecuadas, e desconsideradas co estado da persoa e da súa familia, lentitude na resposta, burocracia. En síntese: maltrato da persoa en condición de final de vida e tratamento inaceptable dun dereito fundamental por quen está mais obrigado que ninguén a protexelo. Esta situación, cos seus graves efectos humanos, non é casual. Ven precedida dunha modificación, sen xustificación, o pasado 30 de decembro do Protocolo sobre o Procedemento para a Realización da Prestación da Axuda para Morrer da Consellería de Sanidade, no que se di que “A unidade encargada da xestión da prestación asignará un/ha médico/a responsable no menor prazo posible”, cambiando así o previsto nas anteriores edicións do protocolo de datas de 23 de xuño e 16 de setembro de 2021, nos que se expresaba que ante solicitude de eutanasia “A unidade encargada da xestión da prestación asignará un/ha médico/a responsable no prazo máximo de dous días naturais” (acorde co espírito e letra da Lei, que remarca e protexe así a urxencia da resposta á persoa solicitante, e impide, fixando a duración do prazo, a arbitrariedade do gobernante na satisfacción dun dereito). Pero tamén contribúe a que ocorra o antes relatado a inexistencia de accións de difusión e formación dirixida aos profesionais do SERGAS sobre o novo dereito e a nova prestación incluída na carteira de servizos do





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sistema Nacional de Saúde, xunto coa resistencia a incluír expresamente no impreso de uso no SERGAS para recoller o testamento vital a opción da eutanasia (no caso de perda de capacidade da persoa e de chegar a atoparse esta nun dos supostos previstos na Lei).

E anque ámbalas dúas cuestións foron reclamadas xa hai mais de tres meses ao Conselleiro de Sanidade por esta asociación (DMDG), aínda non se ten resposta. A actitude pasivamente obstrucionista da Xunta á implantación e desenvolvemento do dereito á prestación da eutanasia non é un problema político abstracto, e tampouco menor, xa que é causante de sufrimento directo e inútil en persoas concretas, que se atopan en condición de grave vulnerabilidade, e ás que se somete á incertidume, soidade, confusión, esperas, e esixencias burocráticas inaceptables, nun estado de fragilidade como o que debe supoñérselle, e ante unha cuestión (petición de axuda para morrer) que en calquera persoa mobiliza actitudes e sentimentos compasivos. Ante solicitude de eutanasia a Xunta de Galicia debe respostar de inmediato, iniciando o proceso asistencial en menos de dous días (conforme prevé a Lei), e durante o mesmo debe intensificarse o coidado da persoa e da súa familia considerando a gravidade humana da situación e a presenza de dor, sufrimento e condicións de vida referidas como insoportables ou indignas por quen as padece. Pero para que iso poida ocorrer todos os nosos gobernantes deben comprometerse co respecto ás decisións autónomas e libres das persoas e co cumprimento estrito da Lei Orgánica Reguladora da Eutanasia. E, desgraciadamente, na nosa terra estamos aínda lonxe diso. É por iso que DMDG mantén en seguimento a aplicación da Lei, e proporciona orientación e información a quen o necesite. “





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En atención a esta información que nos foi trasladada e á súa petición, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Coida a Xunta de Galiza que está levando a cabo todas as accións precisas para garantir a implantación e desenvolvemento do dereito á prestación da eutanasia @s galeg@s?

. Por que modificaron o Protocolo sobre o Procedemento para a Realización da Prestación da Axuda para Morrer da Consellería de Sanidade, no que se expresaba que ante solicitude de eutanasia se asignará un/ha médico/a responsable no prazo máximo de dous días naturais, a establecer no menor prazo posible?

. Vai rectificar este cambio para garantir que unha persoa que solicite a aplicación de eutanasia teña resposta no prazo máximo de dous días, co nomeamento de profesional responsábel que inicie o proceso, acorde a dereito?

. Non lle parece que este cambio produce incerteza e indefensión ás persoas que o soliciten?

. Vai modificar o documento de instrucións previas, de xeito que conste de xeito explícito a elección da eutanasia, no caso de atoparse nun dos supostos aprobados?

. Vai proceder á formación en dereitos das persoas doentes, en particular neste novo dereito á eutanasia e nas prestacións contempladas na nova lei?

. Ten tomado algunha medida para facilitar a difusión e o coñecemento deste dereito tanto entre @s profesionais como a poboación galega?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/02/2022 17:43:09

Olalla Rodil Fernández na data 24/02/2022 17:43:13

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2022 17:43:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Luis Bará Torres, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o propósito do proxectado polígono agroforestal de Mandelos (Crecente) e as responsabilidades da Consellaría do Medio Rural sobre a ordenación da terra agraria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o comezo desta lexislatura a Consellaría do Medio Rural ten feito bandeira da súa intención de levar a cabo unha “ordenación” da superficie agroforestal de Galiza segundo un modelo de concentración do territorio en grandes parcelas facendo modificacións importantes sobre a tradicional estrutura minifundista e de pequenas e pequenos propietarios do país.

Con ese obxectivo o Partido Popular aprobou a Lei 11/2021, de 14 de Maio, de Recuperación de Terra Agraria de Galiza que fixaba tres grandes instrumentos de ordenación da superficie agraria e forestal: as agrupacións de xestión conxunta, as aldeas modelo e os polígonos agroforestais (de iniciativa pública ou privada).

Con estes antecedentes en outubro de 2021 a Consellería de Medio Rural e o Concello de Crecente fixeron a presentación pública dun proxecto d polígono agroforestal no territorio do devandito concello que particularmente a Mandelos na parroquia de Vilar, e a Os Fernández, na parroquia de Crecente: o Polígono Agroforestal de Mandelos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha boa parte da superficie afectada no lugar de Mandelos son antigas fincas dedicadas ao cultivo no seu día, e que décadas de abandono converteron en fermosos bosques autóctonos.

A previsión é que ese polígono agroforestal abranga unha extensión de 45ha. distribuídas en 391 parcelas de 183 propietarios. Esa superficie representaría un territorio equivalente a case a metade do total que actualmente ocupan as principais adegas que existen no Concello. Segundo se anunciou nesa presentación pública o proxecto está dirixido ao cultivo de viñedo para dar servizo a denominación de orixe Rías Baixas.

Actualmente estase levando a cabo un proceso de comunicación mediante carta aos propietarios actuais en relación a cales son as fincas da súa propiedade afectadas polo proxecto acompañadas dun requirimento para que indiquen cales delas queren que formen parte do polígono. As fincas poderán ser alugadas por un período de 25 anos ou ben vendidas (non se sabe, no momento de asinar, por quen serían adquiridas).

Tal e como marca a Lei de Recuperación de Terra Agraria a iniciativa sairá adiante se cando menos o 70% da superficie proxectada é adherida polos seus propietarios a dito polígono. En todo caso quen estea afectado polo perímetro e non queira adherirse ao proxecto terá a obriga de manter a súa propiedade limpa ou cultivada. Na extensión resultante do proxecto realizarase unha reestruturación do terreo a xeito de concentración parcelaria en parcelas dunhas 3 has.

Existen sospeitas por parte da veciñanza de que cando se fixo a presentación xa se tiña falado con anterioridade con parte dos propietarios para contar coa superficie precisa polo que o resto de donos e donas de finca atoparíanse sen capacidade de decisión sobre as súas propias terras cunha folla de ruta marcada e decidida de antemán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A zona afectada, de gran pendente, esta constituída por socalcos que descenden cara o río Ribadil, afluente do Miño e que forma parte da Rede Natura, a onde van a parar tódolos regatos e augas das fincas delimitadas no proxecto, que nalgunhas zonas chega mesmo a beira do leito. Ditos socalcos están sustentados por valados de pedra “a xunta seca” que foron declarados patrimonio inmaterial pola UNESCO. A pesares de que desde a Consellaría do Medio Rural se afirma que se manterían todos eses balados resulta sinxelo pensar que explotacións do tipo das que se pretendes levar adiante serían incompatíbeis con ese tipo de terreo e división de parcelas.

Outro problema que preocupa a veciñanza sería a consecuenta contaminación por sulfatos, abonos... que se filtrarán á terra e que continuarán o seu camiño natural dirixíndose cara o río nun espazo tan de características ambientais tan sensíbeis como o que se está a tratar.

Na presentación feita por Concello e Consellaría non se dá alternativa ao modelo de monocultivo de viñedo para esta zona do sur do Concello. Evítase e péchase así calquera posibilidade de facer calquera outro cultivo ou aproveitamento da terra fronte á viña que ano tras ano vai comento os montes e as fincas adicadas até o de agora a outros usos.

É importante sinalar que nas últimas décadas tense dado un crecemento exponencial da superficie adicada ao cultivo do viño no concello de Crecente. Así, e fiándonos nos datos do proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2013 observamos como en 1989 a superficie vitivinícola ascendía a un total de 70 hectáreas (un 31% da superficie cultivada) pasando polas 108 hectáreas de 1999 (55,96%) e chegando ás 176 Has de 2010 (42,86% das terras en produción).

Na actualidade existen en Crecente varias adegas: “Notas frutales de Albariño” con 13ha.; “Pazo do Mar” con 18ha.; “Valtea” con 25ha.; “Morgadío” con 40ha.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existen tamén, ademais destas adegas, grandes plantacións de colleiteiros e múltiples fincas adicadas a este cultivo.

Paralelamente, nos últimos tempos, temos asistido ao anuncio por parte do grupo bodegueiro “Tempos Vega Sicilia”, un dos grandes grupos do sector no Estado, do seu desembarco no concello de Crecente que se converterá na sede da sexta bodega do grupo “Deiva”.

Representantes da compañía fixeron público neste mes de febreiro que levan anos comprando terras de forma anónima dentro das terras da D.O. Rías Baixas e que concretamente en 2019 mercaron a través dun fondo de inversións 10 hectáreas no mesmo concello de Crecente dentro dun proxecto que até o de agora abrangue 24 hectáreas de viñedo nas comarcas do Condado, parte alta do Miño, Salnés, entorno de Cambados, o Grove e Sanxenxo.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- De onde partiu a iniciativa o polígono agroforestal de Mandelos?
- O proxecto de polígono agroforestal de Crecente é de iniciativa pública ou de iniciativa privada?
- Foi o AGADER ou algunha empresa subcontratada a encargada de determinar o perímetro dese polígono? En base a que criterios?
- En que estado de tramitación se atopa?
- Existe un interese previo coñecido pola Consellaría do Medio Rural por parte de Tempos Vega Sicilia ou de calquera outra bodega para facerse con parte deses terreos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Toda vez que a Lei 11/2021, de 14 de Maio, de Recuperación de Terra Agraria non establece no seu artigo 97 (Control de acaparamento) ningún límite para un mesmo axente promotor dentro dun único polígono agroforestal, como van garantir a participación dos axentes locais e dos colectivos vulnerábeis na xestión do polígono de Mandelos?

- Como van garantir a salvagarda dos espazos de Rede Natura que ficarían afectados por ese polígono agroforestal?

- Como van protexer os valados a xunta-seca toda vez que o polígono basea a súa eficacia na concentración de parcelas para a xeración de novos parcelarios de maior tamaño?

-Aposta agora a Xunta de Galiza por o monocultivo de viñado na zona das Rías Baixas?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2022

Asdo.: **María González Albert**

Luis Bará Torres

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 24/02/2022 18:09:20

Xosé Luis Bará Torres na data 24/02/2022 18:09:24

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/02/2022 18:09:34

María González Albert na data 24/02/2022 18:09:43



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

